


*Desenvolvemento Eólico en Galicia: 1995-2021*  
*Reflexións inacabadas a partir da planificación*  
*territorial e dos cambios normativos posteriores*

Xavier Simón Fernández

María Montero Muñoz



# **Desenvolvemento Eólico en Galicia: 1995-2021**

## **Reflexións inacabadas a partir da planificación territorial e dos cambios normativos posteriores**

Simón Fernández, X.  
Montero Muñoz, M.

Working Paper do Departamento de Economía Aplicada da UVIGO

## Resumo:

Este traballo realiza un revisión do marco normativo que explica a planificación territorial e enerxética da enerxía eólica en Galicia, tentando achegar unha nova perspectiva sobre o estado actual do sector despois de 25 aos de desenvolvemento. Este exercicio intelectual é novidoso no ámbito galego e, se cadra, cun elevado valor social por ser útil para tentar comprender a dinámica de oposición que existe actualmente en Galicia á expansión da enerxía eólica.

Facendo unha revisión sistemática da lexislación enerxética e acudindo ás principais fontes de información cuantitativa sobre a enerxía eólica, o traballo realiza unha sistematización temporal da evolución eólica, usando como nexos condutores e aglutinadores o impacto socioeconómico desta fonte renovable. O traballo tamén realiza unha reflexión sobre o estado actual do marco normativo galego, chamando a atención sobre algunhas das súas principais eivas que permiten afirmar que o propio sistema está a ser globalmente quebrado por actuacións cando menos xuridicamente dúbidasas por parte do regulador.

Palabras clave: planificación territorial; enerxía eólica; impacto socioeconómico; quebra do sistema

Códigos JEL: K32; P48; Q42;

Simón Fernández, X. (Profesor Titular da Economía Aplicada da Universidade de Vigo. Responsable do Observatorio Eólico de Galicia. [xsimon@uvigo.gal](mailto:xsimon@uvigo.gal))

Montero Muñoz, M. (Profesora Titular de Fundamentos da Análise Económica da Universidade de Vigo. Rede Research Group. [mmontero@uvigo.gal](mailto:mmontero@uvigo.gal) )

## Contidos

O PSEG e a planificación territorial.....	5
Natureza xurídica do PSEG .....	5
Quebra do sistema.....	7
Efectos socioeconómicos derivados do PSEG como límite (agás excepcións do art. 6.4. LAEGA) ás pretensións territoriais do PIAPE. ....	8
Tratamento urbanístico do parque eólico como Sistema Xeral. ....	8
Distancia mínima dun aeroxerador a solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable.....	10
Distancia mínima a un espazo edificado en solo rústico. ....	11
Limitacións e delimitacións do dereito de propiedade derivados da instalación dun parque eólico. Precisións conceptuais.....	14
Limitacións directas do dominio derivadas da instalación dun aeroxerador. ....	15
Limitacións directas do dominio derivadas da instalación dun parque eólico. .	17
Delimitación do dereito de propiedade: cambio de réxime estatutario do solo para a protección de infraestruturas enerxéticas. ....	20
Declaración de eficacia do propio PSEG en relación ao conxunto da OT e a Planificación urbanística e consecuencias. ....	21
A competencia polas terras con aptitude eólica: solapamentos e exclusión de competidores .....	22
Información global sobre a dinámica eólica en Galicia .....	24
Ocupación de Rede Natura polos parques eólicos.....	27
Fases no desenvolvemento eólico en Galicia.....	29
Primeira fase: 1995-2009. ....	29
Requisitos para ser titulares dun PEE .....	30
Dereitos conferidos aos titulares de PEE.....	30
Tipoloxía das obrigas dos titulares dun PEE .....	31
Procedemento para a aprobación dos PEE .....	31
Dos plans eólicos empresariais aos parques eólicos .....	32
Resultados do marco regulador: os axentes presentes na produción eólica galega .....	33
Nivel de cumprimento dos compromisos de investimento industrial asociados cos PEE .....	34
Propiedade pública e enerxía eólica .....	36
Participación pública no capital social dos parques eólicos .....	38
Valoración global sobre os beneficios comunitarios producidos polos parques eólicos.....	38

Segunda Fase: 2010-2017. Parón eólico e inicio de profundos cambios legislativos .....	40
Cambios tecnolóxicos no sector eólico .....	40
Cambios normativos de calado significativo .....	41
Participación pública nos parques eólicos .....	45
O impacto económico para os Concellos: A tributación local.....	45
Terceira fase, desde 2018 até o presente: boom eólico sen precedentes .....	48
Bibliografía.....	56

## O PSEG e a planificación territorial

O Plan Sectorial Eólico de Galicia (PSEG)<sup>1</sup> é o instrumento básico da planificación do aproveitamento eólico de Galicia (art. 5.2. Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental (LAEGA)<sup>2</sup>. E, lóxicamente, o impacto socioeconómico da enerxía eólica está intimamente ligado á súa planificación territorial.

### Natureza xurídica do PSEG

O PSEG é un **Plan Sectorial** (PS). Este tipo de instrumentos de ordenación territorial defínense deste modo na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia<sup>3</sup> (LOTG), concretamente no seu artigo 35:

*1. Os plans sectoriais son instrumentos de ordenación do territorio que teñen por obxecto ordenar e regular a implantación territorial das actividades sectoriais que se sinalan no número 2, establecendo, se é o caso, as condicións xerais para as futuras actuacións que desenvolvan os ditos plans e definindo os criterios de deseño e as características funcionais e de localización que garantan a súa accesibilidade e coherente distribución territorial, segundo a súa natureza.*

*2. Para os efectos do sinalado no número anterior, poderán formularse plans sectoriais referidos aos seguintes ámbitos ou sectores:*

.....

*c) Producción, transporte e distribución de enerxía.*

.....

*3. A formulación dun plan sectorial terá carácter integrador e, polo tanto, referirase ao conxunto de actuacións que, pola súa función ou destino, requiran dunha planificación ou ordenación conxunta.*

*Para tal efecto, o ámbito territorial dos plans sectoriais será a totalidade do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás que pola súa especificidade sexa preciso delimitar un ámbito menor.*

O contido concreto do PSEG determinase no artigo 6 da LAEGA:

*1. O Plan sectorial eólico de Galicia **abranguerá aquelas áreas** nas que se estime, logo de informe do Inega, a **existencia de recursos eólicos** aproveitables e terá **carácter vinculante** para os distintos suxeitos que operen no sector.*

---

<sup>1</sup> Aprobado nos termos que recolle a [Resolución da Consellaría de Industria e Comercio de 20 de decembro de 2002](#)

<sup>2</sup> <https://www.lex.gal/galilex/7827> na súa versión consolidada, recollendo as modificacións introducidas por 8 leis posteriores.

<sup>3</sup> <https://www.lex.gal/galilex/7626>

2. O Plan sectorial eólico conterá, como mínimo, as seguintes **determinacións**:

a) Delimitación dos ámbitos territoriais nos que poderán localizarse as infraestruturas e instalacións obxecto do plan.

b) Descrición das características xerais das infraestruturas, dotacións ou instalacións previstas no plan.

c) Directrices para a elaboración dos proxectos sectoriais ou dos proxectos obxecto de licenza municipal para o caso previsto no artigo 39º.2 desta lei.

d) Medidas para articulación co planeamento e prazo para realizar a súa adecuación.

e) Incidencia territorial e ambiental.

3. O Plan sectorial eólico de Galicia será tramitado como plan sectorial de incidencia supramunicipal (..)

Nel estableceranse as condicións xerais para o desenvolvemento das infraestruturas, dotacións e instalacións dos parques eólicos no territorio da comunidade autónoma.

4. Non poderán implantarse parques eólicos fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, **coa excepción das modificacións substanciais dos parques en funcionamento nos termos que se desenvolvan regulamentariamente, así como aqueles proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de enerxía.** <sup>4</sup>

En calquera caso, todos os proxectos deberán cumprir as distancias mínimas ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano e urbanizable residencial establecidas no artigo 33, e será necesario que o uso do solo sexa compatible coa implantación destas infraestruturas.

A modificación deste apartado 4 do artigo 6 foi realizada pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, por medio da disposición Artigo modificado: derradeira sexta apartado dous. A nova redacción inclúe unha serie de excepcións con importantes consecuencias, tal e como se analiza na seguinte sección.

A disposición transitoria segunda da LAEGA, modificada pola disposición derradeira sétima apartado once da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, establece:

*“1. En tanto non se modifique o Plan sectorial eólico de Galicia, considéranse áreas de desenvolvemento eólico as áreas de reserva e áreas de investigación,*

---

<sup>4</sup> A redacción orixinal deste apartado 4 do artigo 6 era: “4. Non poderán autorizarse parques eólicos fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, a excepción das repotenciacións de parques en funcionamento nos termos que se desenvolvan regulamentariamente.”

*así como a franxa paralela a estas, previstas no Plan sectorial eólico de Galicia vixente.  
2.....”*

Esa franxa paralela que se menciona vén recollida no aparta 2.2.3.3 da Memoria do PSEG ao mencionar a “franxa paralela á poligonal de delimitación a 500 metros”.

A modificación introducida en febreiro de 2021 ten unha importancia moi significativa tanto para entender o alcance da planificación territorial vinculado co sector, como o seu posible ou hipotético impacto socioeconómico, entendido este en sentido amplo. Esta modificación tamén é relevante para entender a forte conflictividade social que se xerou, e aínda existe, en Galicia tras o boom de solicitudes de proxectos de parques eólicos nos últimos meses.

Esa modificación de febreiro de 2021 incluso pode supoñer unha quebra do sistema pois trae consigo a ruptura do principio integrador e de planificación conxunta sinalado no art. 35 LOTG.

## Quebra do sistema

A LAEGA regula a planificación do aproveitamento eólico (artigo 5), e establece o PSESG como instrumento esencial de referencia (artigo 6). Sen embargo, tras as excepcionalidades incluídas na modificación no artigo 6.4 da LAEGA realizada en febreiro de 2021, sucede que un Proxecto de Interese Autónomo de Parque Eólico (PIAPE<sup>5</sup>), que é un proxecto sectorial xerarquicamente subordinado a un Plan Sectorial (arts. 19, 20 36, 38 e nomeadamente 39 LOTG), na práctica vulnera este principio de xerarquía legal.

O artigo 39 da LOTG, *titulado Carácter limitativo dos plans sectoriais*, di:

*1. Cando se aprobe un plan sectorial só poderán formularse, dentro do obxecto e do ámbito delimitados por este, os proxectos de interese autónomo que desenvolvan o dito plan sectorial.*

*2. Como consecuencia do anterior, a realización, dentro do obxecto e do ámbito delimitados por un plan sectorial, dunha actuación non prevista nel requirirá da súa modificación*

A modificación de febreiro do 2021 é dificilmente compatible co prescrito na propia Disposición Adicional 5ª cando indica que a eficacia do PIAPE é a prescrita nos artigos 46 e 48 LOTG, que indican a súa eficacia contextual e polo tanto subordinada a un PS, neste caso ao PSEG.

É dicir, a quebra do sistema estase a producir, presuntamente, cando un PIAPE (de calquera parque eólico) que debería subordinarse a un Plan Sectorial (como o PSEG)

---

<sup>5</sup> Todos os parques eólicos teñen o seu PIAPE até agora denominada sempre Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal (PSIS)



réxese en contra do que este establece, tomando decisións de planificación territorial que non están incluídas naquel.

## Efectos socioeconómicos derivados do PSEG como límite (agás excepcións do art. 6.4. LAEGA) ás pretensións territoriais do PIAPE.

O Plan Sectorial Eólico de Galicia, foi aprobado definitivamente polo Consello de la Xunta o 1 de outubro de 1997 (DOG do 15/12/97) e modificado por Acordo da Xunta de data 5/12/2002. O PSEG consta de catro partes:

1. Memoria, onde se recollen as determinacións de carácter vinculante como consecuencia da súa natureza de instrumento de ordenación do territorio.
2. Plano do Plan Sectorial Eólico de Galicia (onde se representan as áreas do PSEG e a Rede Natura)
3. 10 planos, onde se reflicten as áreas de investigación do Plan e as de reserva, tanto na versión inicial como a modificada en 2002, a Rede Natura e máis as liñas de transporte de enerxía.
4. Anexos, onde se definen diversos aspectos (situación das áreas de investigación e das áreas de reserva, modelo de presentación de índice de ocupación, modelo de presentación de áreas de incidencia de ruído e modelo de presentación de estudo de impacto ambiental)

Un dos aspectos máis relevantes derivados do PSEG en relación co impacto socioeconómico é o cambio de cualificación urbanística que se produce cando as terras fican baixo a incidencia (isto claréxase posteriormente) dun parque eólico. Todo isto figura na Memoria do PSEG (MPSEG), e son contidos vinculantes para as partes. seguintes apartados se revisan os seus contidos máis destacados desta Memoria do PSEG.

### Tratamento urbanístico do parque eólico como Sistema Xeral.

O apartado 2.2.1 da MPSEG sinala:

*A incidencia urbanística final **sobre os usos** do chan determinarase coa localización exacta das obras e instalacións precisas para o adecuado funcionamento do parque eólico: aeroxeradores, accesos, redes de condución e distribución, edificios, subestación, etc., **incluíndo as servidumes necesarias. O seu tratamento urbanístico será o correspondente aos Sistemas Xerais.***

Desta declaración destacan dous aspectos:

- a) a declaración de existencia de incidencia urbanística sobre usos do solo non só sobre os terreos directamente ocupados (obxecto de adquisición por acordo ou expropiación), senón tamén sobre terreos non ocupados pero sobre os que se establecen servidumes.
- b) O tratamento urbanístico de todos estes solos (ocupados e sometidos a servidume) como Sistemas Xerais.

Existe un reenvío normativo relativamente complexo para entender comprendidas as instalacións eólicas dentro desa categoría de Sistemas Xerais, e máis aínda para os terreos simplemente afectados polas servidumes. A continuación revisamos a normativa vinculada que permite establecer esta cualificación.

O artigo 46.5. LOTG cualifica como sistemas xerais determinadas instalacións dun PIAPE:

*“As dotacións públicas obxecto dun proxecto de interese autonómico serán cualificadas como sistemas xerais, de acordo co establecido no artigo 72.2 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, para os equipamentos de ámbito funcional superior ao do plan xeral.”*. Se acudimos ao art. 72.2. Regulamento da Lei do Solo de Galicia<sup>6</sup> (RLSG), o precepto indica que: *“O plan xeral cualificará estes elementos, sempre que sexan de uso e titularidade públicos, como parte do sistema xeral de equipamentos, pero non poderá considerar a súa superficie para os efectos de xustificar as reservas mínimas establecidas nos artigos 66 e 69.”*

Xa que logo, en aparencia, as instalacións eólicas quedarían fóra desta delimitación, para empezar porque son de titularidade privada e a seguir porque non son de uso público. Iso non obstante, o art. 64.5. *in fine* RLSG con remisión ao art. 65, determina que deba entenderse por dotacións públicas (art. 65.1. e 2) e clasifícaas como integrante da rede de sistemas xerais, concretamente Sistema xeral de infraestruturas de redes de servizos destinado á execución da política enerxética (art. 65.4.a.2.5<sup>o</sup>), que estará *“formado polo conxunto de redes, instalacións e espazos asociados, para a prestación de servizos urbanísticos do termo municipal”*. É esta referencia aos espazos asociados o que pode permitir, finalmente, entender os terreos susceptibles de servidume entrar dentro da categoría.

En canto ás consecuencias que se derivan da caracterización das instalacións eólicas como sistemas xerais, está por exemplo a forma de obtención do solo (art. 129 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia<sup>8</sup> (LSG)), que permite a expropiación (xa contemplada de todas formas no art. 45 LAEGA previa declaración de utilidade pública).

---

<sup>6</sup> Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se encontra aquí <https://www.lex.gal/galilex/8058>

<sup>7</sup> Aínda que o precepto fala só do termo municipal, o apartado 4.a fala tamén dos que abrangan máis dun termo municipal.

<sup>8</sup> <https://www.lex.gal/galilex/8059>

Este carácter especial revélase tamén no contido na DA 2ª LSG, que reconduce a aprobación de sistemas xerais que afecten a máis dun concello mediante proxectos sectoriais, co que acaba xerándose o reenvío ao PIAPE (art. 40 LAEGA).

As obrigas en cada clase de solo como consecuencia da caracterización de reserva para sistemas xerais será de cargo do propietario (cfr. Arts. 19, 21, 29 LSG), o que deixa no aire a afectación derivada da servidume, xa que non desapropia aos seus titulares, que non obstante quedan sometidos a esta regulación.

Distancia mínima dun aeroxerador a solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable.

O apartado III da MPSEG establece:

### *“III.- ESTUDO DE INCIDENCIA TERRITORIAL*

#### *3.1. NÚCLEOS DE POBOACIÓN*

*(..) Aínda que, como se xustifica no Anexo V, a 200 m. dun **aeroxerador** non se producen xa molestias de ruído, a distancia ás delimitacións de chan de núcleo rural, urbano ou urbanizable sectorializado, será como mínimo de 500 m.”*

Dado que a distancia é tan só de 500 metros e a determinación fala de aeroxeradores, cómpre preguntarse cal é o punto concreto dende o que se realiza a medición, se dende a base ou dende calquera das pas en posición horizontal medido dende o seu vértice. Entendemos que esta segunda opción sería a máis coherente coa interpretación que debe darse á razón mesma de existir a distancia, por considerarse actividade molesta.

Por outra banda, do precepto dedúcese *a sensu contrario* que a menos de 500 metros só pode haber chan clasificado como solo rústico, xa que a actual LSG suprimiu a división entre categorías de solo urbanizable (EM IV, apartado 6, e arts. 27 e 28 LSG), indicando a intención de que todo estea xa de orixe *sectorizado*. En consecuencia, non pode haber solo urbanizable a menos de 500 metros dun aeroxerador.

Na Lei de Acompañamento do Orzamento da Xunta de Galicia para ano 2022, actualmente en trámite no Parlamento Galego, introdúcese un cambio na LAEGA que se refire a esta distancia de separación entre un parque eólico e os núcleos de poboación. Na súa proposta inicialo goberno galego propuña que o seu artigo 38.2 ficara como segue:

Engádesse unha Disposición adicional quinta que queda redactada como segue:

*“Disposición adicional quinta. Distancias a núcleos de poboación*

*Como medio para asegurar a compatibilidade do desenvolvemento eólico coa ordenación do territorio e o urbanismo, a distancia dos aeroxeradores ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado será a maior destas dúas: 500 metros ou 5 veces a altura total do aeroxerador (buxa mais pala).*

*Estes requisitos de distancias serán aplicables a todos os parques eólicos que se constrúan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.”*

No período de emendas, o partido que apoia ao goberno galego realiza unha emenda que modifica de forma significativa esa proposta pois propónse que estes requisitos non serán aplicábeis “..aos proxectos de modificacións substanciais (repotenciacións) de parques, que estean en funcionamento antes da entrada en vigor da lei....nas que para manter a súa potencia total en funcionamento exista imposibilidade técnica xustificada da súa implantación...”. É dicir, os repotenciacións que se realicen dos parques xa instalados (arredor de 3.800 por repotenciar) estarían excluídos desta norma. Como sinalamos posteriormente, esta norma tampouco afectaría aos parques que xa están admitidos a trámite.

#### Distancia mínima a un espazo edificado en solo rústico.

O que ningunha norma resolve de forma expresa é a distancia mínima que debe existir entre un aeroxerador e unha edificación illada construída en Solo Rústico (SR).

A existencia de espazos edificados legalmente en solo rústico non é unha situación infrecuente en Galicia, senón que podemos atopar, cando menos, os casos seguintes, recoñecidos legalmente:

- a) Elementos illados de carácter residencial de ocupación do territorio debido ao carácter disperso dos nosos asentamentos tradicionais, onde non sempre as vivendas quedan dentro da delimitación dos solos de núcleo rural (e son conformes ao ordenamento, e grafiados no planeamento como inseridos en SR);
- b) Construcións consecuencia da autorización de edificación en solo rústico, non só para vivenda, senón tamén para outras finalidades de carácter produtivo ou de lecer (art. 35.1. e 36 LSG);
- c) Construcións realizadas ao abeiro das licenzas obtidas antes da entrada en vigor da actual lei e recollidas na Disposición Transitoria (DT) 3ª LSG;
- d) Explotacións e instalacións en solo rústico ás que a DT 4ª LSG permite a realización de determinadas obras de consolidación e desenvolvemento;
- e) Edificacións que no seu momento foron erguidas á marxe do planeamento pero ás que a DT 7ª lles confire carta de natureza e abre a porta á súa legalización.
- f) Edificacións en situación de fóra de ordenación (art. 90)

A cuestión relevante, e moi presente nalgúns parques eólicos xa desenvolvidos e outros en proceso de autorización, é integrar estas edificacións dentro da lóxica planificadora eólica.

O primeiro que hai que indagar é cal é a razón de que a MPSEG prevexa, nos seus apartados 3.1. e 6.7.2., unha distancia mínima a núcleos de poboación ou terreos urbanos ou susceptibles de ser urbanizados (para calquera uso, non só residencial). O propio art. 3.1. indica que, malia que a afección de ruídos deixa de ser significativa a partir de 200 metros, establécese unha distancia de 500 en razón do que aparece identificado na rúbrica como “incidencia territorial”; igualmente no art. 6.7.2. a distancia aparece como consecuencia da “incidencia ambiental” co obxecto de dispensar “protección” (ambiental, enténdese), aos núcleos de poboación e demais terreos susceptibles de ser ocupados por edificacións.

En consecuencia, razóns territoriais e ambientais levan a protexer os espazos ocupados de forma estable con edificacións e en consecuencia presenza humana (non confundir con uso residencial) obrigando aos aeroxeradores a gardar a distancia de 500 metros.

Esta distancia protexe de algo máis que do ruído: protexe das sombras e da propia visión da instalación eólica excesivamente próxima, polo impacto que ten para as persoas en particular e para a paisaxe en xeral. Fai unha reserva de territorio en favor das persoas, para que a ocupación que se fai legalmente do solo en espazos previstos para iso pola lexislación urbanística e territorial sexa en condicións aceptables para o desenvolvemento das actividades humanas alí previstas.

Esta protección é o substrato material da realización dos dereitos fundamentais recoñecidos na Constitución Española, como recoñeceu a Sentenza do Tribunal Supremo (STS), Contencioso sección 7 do 22 de xullo de 2014 ( ROJ: STS 3250/2014 - ECLI:ES:TS:2014:3250 Recurso: 2690/2013). Esta resolución rexeita o recurso de casación da Generalitat Valenciana contra a sentenza ditada en procedemento de protección xurisdiccional dos dereitos fundamentais da persoa pola Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana, interposto fronte á inactividade da Consellería de Infraestruturas e Transporte da Generalitat Valenciana, consistente en non executar esta o condicionante da declaración de impacto ambiental do 27 de xullo de 2005 outorgada con ocasión da aprobación do plan especial da zona 6 do plan eólico da Comunidade Valenciana, a cuxo cumprimento viña obrigada esa Administración para corrixir os impactos ambientais -perturbación sonora e sombras- dimanantes do funcionamento do parque eólico "Cerro A Rajola".

Para o Tribunal Supremo é obvio que o continuado funcionamento dos aeroxeradores provocou, a teor da doutrina xurisprudencial alí exposta e do resultado da proba pericial, unha vulneración do dereito constitucional dos demandantes á intimidade persoal e familiar e á inviolabilidade de domicilio. O funcionamento continuado de aeroxeradores comportou ademais unha vulneración do dereito dos recorrentes do dereito á integridade física e moral. Pois ben, un dos aspectos sobre os que se solicitou esta tutela dos dereitos fundamentais foi o incumprimento das medidas de corrección do impacto ambiental recollidas na Declaración de Impacto Ambiental (DIA), que no seu apartado 2º condicionante 1.2.) 2º dispoñía:

*"Eliminaranse os aeroxeradores P.2.1, P.2.2, P.2.3, P.2.4. e P. 2.5 do Parque eólico Cerro Rajola que se atopan a unha distancia igual ou inferior a 500 metros das edificacións da Partida da Cerrada, tendo en conta a frecuencia da incidencia das sombras sobre as mesmas, de acordo cos resultados do estudo de sombras presentado, salvo que exista un acordo expreso en contrario entre a empresa promotora e os veciños da partida da Cerrada.."*

Desta resolución interesa agora destacar que a xurisprudencia avala que a vulneración do réxime de distancias pode ter relevancia constitucional ao lesionar dereitos fundamentais. A lesión é especialmente intensa cando se trate de edificacións de uso residencial (intimidade persoal e familiar) pero non só, pois o dereito á integridade física e moral e a inviolabilidade de domicilio están relacionados tamén con outros usos das construcións polo simple feito da presenza humana ou que unha sociedade mercantil teña a súa sede.

En resumo, o réxime de distancias previsto no MPSEG ten como función protexer o territorio, o medio ambiente e as actividades humanas, residenciais ou non, garantindo que estas se desenvolven cunha calidade aceptable, ata o punto de que a súa vulneración pode chegar a lesionar dereitos fundamentais.

Se a protección das persoas ocupa un lugar central no establecemento das distancias, non é aceptable interpretar que ese réxime só sexa aplicable en espazos delimitados como solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable (a DT 1ª LSG reconduce as categorías anteriores sinaladas nos planeamentos en vigor baixo certas condicións a este tipo recollido nos arts. 27 e ss LSG), se temos en conta que todas as situacións descritas supra recollen realidades construtivas protexidas legalmente; pola contra teremos que admitir que o número de persoas que podan ser potencialmente titulares dos dereitos de construción protexidos non é un elemento relevante, posto que a nota caracterizadora da obriga de distancia é a protección dos dereitos das persoas e o goce do dereito de uso sobre o elemento construído cunha mínima calidade. De feito, a titularidade dos dereitos fundamentais protexidos na Constitución Española é predicable de cada individuo, porque se trata de dereitos individuais, e polo tanto independente do número de suxeitos afectados.

En consecuencia, sempre que teñamos unha edificación legal en calquera das situacións contempladas na LSG deberá aplicarse o réxime de distancias previsto na MPSEG.

Abonan igualmente esta tese diversos pronunciamentos xudiciais, que se refiren a vivendas ou núcleos de poboación de forma alternativa, e así foron abordados ao interpretar o propio PSEG.

Así o fai a STS de 15/11/2012, rec. 5953/2011, que rexeita a impugnación dos Autos do 10 de maio e 5 de setembro de 2.011 ditados polo Tribunal Supremo de Xustiza de Galicia (TSXG), polos que se desestimou o incidente de execución instado pola recorrente, en execución da Sentenza ditada pola propia Sala do contencioso-administrativo (Sección Terceira) do TSXG do 26 de outubro de 2.006 (ROJ: STSJ GAL 3056/2006 - ECLI:ES:TSJGAL:2006:3056 STSXG nº 1600/2006 -Recurso: 8167/2004). No que agora interesa, unha das resolucións combatidas, tal como lembra o FX 2º, ao examinar o executado pola administración indica que a obriga versaba (FX 10º da sentenza) sobre "...que tales torres ou aeroxeradores garden a

distancia mínima a vivendas ou núcleos de poboación de 500 metros.. ". A STS dá por bo que o PSEG estableza os 500 metros respecto de vivendas, con independencia de que integren núcleos ou non, dado a redacción alternativa da resolución examinada. É certo que no caso de autos o recorrente era titular dunha casa de turismo rural integrada nun núcleo, pero a petición cursada non se restrinxía á vivenda senón ao feito de que o parque non afectase nin a vivendas nin a núcleos de poboación.

Algo semellante ocorreu na TSXG nº nº 308/2020, de 11 de decembro (ROJ: STSJ GAL 7154/2020 – ECLI:ES:TSJGAL:2020:7154 Rec. 7329/2019), que rexeita a demanda, entre outros motivos, no relativo ás distancias, por entender que (FX 5º) resultou acreditado que “..existe unha vintena de vivendas que distan entre 620 e 1000 metros do aeroxerador máis próximo, pois esta é unha distancia que respecta o disposto no apartado 6.7.2 do Plan sectorial eólico de Galicia como medida para protexer os núcleos de poboación, a cuxo tenor, "a distancia dos aeroxeradores ás liñas de delimitación de chan de núcleos rurais, urbano ó urbanizable sectorializado, será de 500 m."". como se pode observar, dunha banda téñense en conta as vivendas á marxe do núcleo (pois as distancias son variables e non se emprega a delimitación do núcleo rural para a medición aceptada pola Sala) pero logo esta emprega o réxime para Solo de Núcleo Rural (SNR) previsto na MPSEG.

Como podemos observar, as tres resolucións relacionadas abordan tanxencialmente o asunto, sen que este sexa o núcleo da controversia, e en todas elas se naturaliza a resposta de equiparación do réxime de distancias entre vivendas e núcleos, aplicando a MPSEG.

### Limitacións e delimitacións do dereito de propiedade derivados da instalación dun parque eólico. Precisións conceptuais.

A instalación dun parque determina dous tipos de limitacións directas do dominio dos terreos afectados:

- a) A derivada da necesaria ocupación material de terreos para as instalacións enerxéticas. Isto pódese acadar por varias vías:
  - A transferencia do pleno dominio (por contrato ou por expropiación)
  - A transferencia de todas as facultades derivadas do dominio agás a núa propiedade (por contrato ou por expropiación). Estas son as vías previstas tamén na Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común<sup>9</sup>(arts. 5 a 7) para os terreos situados en montes comunais, como limitación legal á súa inalienabilidade.
  
- b) A constitución de servidumes na contorna das instalacións, que non privan do dereito de propiedade, pero establecen limitacións de uso ao dominio.

---

<sup>9</sup> <https://www.lex.gal/galilex/7696>

Malia que se pense habitualmente que a instalación de parques só pode facerse obtendo os terreos mediante a súa adquisición por expropiación forzosa isto non é así (Copena e Simón, 2019).

En primeiro lugar, porque sempre cabe a adquisición por contrato como alternativa previa e preferente, algo ao que se refire expresamente o art. 44.3. LAEGA, cando indica que para o recoñecemento da utilidade pública previa á expropiación “*será necesario que a empresa interesada o solicite, incluíndo unha relación concreta e individualizada dos bens e dereitos sobre os que non se obtivo un acordo cos seus titulares e sobre os que se considera necesaria a expropiación.*”. A propia redacción do precepto suxire que antes é necesario buscar o acordo.

En segundo lugar, porque non sempre hai que adquirir os terreos en propiedade, mesmo que sexa por expropiación forzosa, se a utilidade pública pode desenvolverse igualmente en réxime de uso. Así o di claramente o art. 59.3. LOTG:

*“Cando para a execución do instrumento **non for necesaria a expropiación do dominio e baste a constitución dalgunha servidume**, poderá impoñerse, de conformidade co procedemento establecido na normativa en materia de expropiación forzosa. Igualmente, cando deban modificarse ou suprimirse servidumes privadas por estaren en contradición coas determinacións do instrumento de ordenación do territorio, poderán expropiarse segundo o procedemento establecido na citada normativa.”*

Ademais do anterior, existe unha delimitación do dereito de propiedade, isto é, un *cambio do réxime estatutario do solo*, o que implica que o conxunto de facultades derivadas do dominio cambia como consecuencia da súa situación con relación ao parque.

A diferenza entre unha limitación e unha delimitación é que con carácter xeral as primeiras dan lugar a indemnización e as segundas, non.

Limitacións directas do dominio derivadas da instalación dun aeroxerador.

Por ser o compoñente principal da instalación eólica, e dada a súa singular estrutura, a MPSEG regula separadamente as limitacións no dominio que implica a instalación dun aeroxerador, nos seguintes termos:

### *“3.2. USOS DO SOLO.*

#### *3.2.1. SUPERFICIE AFECTADA POR AEROXERADOR*

*A superficie afectada por un aeroxerador tipo de 660 kV, comprende a de pleno dominio (2.269 m<sup>2</sup>) así como a de voo (1.024,40 m<sup>2</sup>) resultando un total de 3.300 m<sup>2</sup>, segundo sinálase no gráfico incluído no Anexo 4.”*



Estas áreas son simplemente indicativas e entendemos que 25 anos despois da súa aprobación deviñeron obsoletas á vista das magnitudes dos novos aeroxeradores, o que esixe preguntarse se non sería necesario unha revisión do PSEG para adaptarse á realidade territorial pretendida nos novos parques<sup>10</sup>. Temos que afondar na cuestión de se unha modificación substancial (e non substancial) dun parque existente contempla esta hipótese e en que termos o fai, para evitar fraudes de ocupación do territorio non previstos nestes PSEG (*vid.* arts. 37 e 38 LAEGA).

En canto ao precepto, diferenza entre pleno dominio e voo. O dereito de voo é un dereito real limitado establecido sobre unha parcela de titularidade diferente da de quen ostenta ese dereito, o cal significa que haberá terceiros propietarios aos que se lles impoña unha servidume aérea.

Nin o dereito de voo nin o de superficie veñen regulados expresamente no Código Civil nin na Lei de Dereito Civil de Galicia, aínda que si se recoñecen na Lei Hipotecaria (art. 107. Quinto cando establece o seu carácter hipotecable) e no seu Regulamento (art. 16.2.). Ambos son diferentes, posto que mentres que o de voo pode permitir usos compatibles con deixar libre certa altura da parcela, a de superficie baleira de contido todo o dereito deixando só a núa propiedade ao seu propietario.

Malia que sería útil unha definición legal deste tipo de limitacións do dominio, as servidumes ás que nos referimos teñen o carácter de *forzosas*, polo que a súa regulación debe buscarse na lexislación sectorial que as prevé, porque a propia norma que as prevé delimita o seu contido, esixencia da limitación do dereito.

A Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del Sector Eléctrico<sup>11</sup> regula as servidumes de paso eléctrico, que se caracterizan como servidumes legais, e que comprenden a aérea e a subterránea e inclúen o dereito de instalación de puntos fixos de apoio para o paso de cables (art. 57 LSE). A esta norma e sección é a que se remite precisamente o art. 44 LAEGA para os efectos de declaración de utilidade pública e posterior expropiación.

Nótese, pola contra, que en ningures aparece unha referencia acabada ao que deba entenderse por servidume aérea en relación a unha instalación eólica.

Tampouco se define no PSEG para que se adquiere o dereito de voo, se é a superficie correspondente á envergadura das pas ou calquera outro tipo de reserva por razóns de aerodinámica.

---

<sup>10</sup> Unha demanda presente en todos os movementos sociais que na actualidade esixen un cambio do modelo de fomento da enerxía eólica.

<sup>11</sup> <https://www.boe.es/buscar/pdf/2013/BOE-A-2013-13645-consolidado.pdf>

Limitacións directas do dominio derivadas da instalación dun parque eólico.

No seu apartado 3.2.2. denominado Superficie vinculada ao parque eólico, divide o PSEG a ocupación material e as servidumes (todo isto é superficie vinculada: a ocupación material + servidume):

**A. A ocupada materialmente por:**

- a. aeroxeradores,*
- b. edificio de control,*
- c. subestación,*
- d. centros de distribución,*
- e. liña eléctrica de evacuación 1,*
- f. redes de conducións e*
- g. novos accesos viarios exteriores e/ou de servizos*

**B. A servidumes necesarias** que serán delimitadas en función das distintas instalacións, tal como se define a continuación:

- a. Aeroxeradores: 200 m., distancia a partir da cal o ruído producido por un aeroxerador confúndese co vento.*
- b. Liñas eléctricas: as resultantes da aplicación de da fórmula:  $A = 1,5 + V (kV) / 100$ , cun mínimo de 2 m.*
- c. Edificio de control e subestación: 10 m.*
- d. Edificacións secundarias: 5 m.*
- e. Redes de condución: 3 m. a cada lado do eixo da rede, podendo eliminarse nas marxes que discorren paralelos a camiños de servizo.*

Os comentarios feitos no apartado anterior a respecto dos terreos obxecto de ocupación material son trasladábeis aquí a respecto do conxunto de instalacións enerxéticas.

Mención diferente merece o apartado relativo ás servidumes, que entendemos que serán diferentes en función da natureza das instalacións. Así, todas elas parecen reconducirse á idea da servidume aérea, que impediría o uso forestal da parcela, pero non o agrícola, coa finalidade de asegurar a defensa das instalacións fronte incendios ou fenómenos meteorolóxicos adversos. Sen embargo, existe unha práctica administrativa que pon en cuestión este proceder, e que aínda non somos capaces de avaliar xuridicamente (véxase o seguinte subepígrafe).

Como (importante) excepción está a evacuación enerxética por cables soterrados, o que impón unha servidume diferente no subsolo. Indica o art. 57 LSE que:

*“Artigo 57. Servidume de paso.*

1. A *servidume de paso de enerxía eléctrica* terá a consideración de *servidume legal*, gravará os bens alleos na forma e co alcance que se determinan na presente lei e rexerá polo disposto na mesma, nas súas disposicións de desenvolvemento e na lexislación mencionada no artigo anterior, así como na lexislación especial aplicable.

2. A **servidume de paso aéreo** comprende, ademais do voo sobre o predio servinte, o establecemento de postes, torres ou apoios fixos para a sustentación de cables condutores de enerxía, todo iso incrementado nas distancias de seguridade que regulamentariamente establézanse.

3. A **servidume de paso subterráneo** comprende a ocupación do subsolo polos cables condutores, á profundidade e coas demais características que sinale a lexislación urbanística aplicable, todo iso incrementado nas distancias de seguridade que regulamentariamente establézanse.

4. Unha e outra forma de servidume comprenderán igualmente o **dereito de paso ou acceso** e a ocupación temporal de terreos ou outros bens necesarios para construción, vixilancia, conservación, reparación das correspondentes instalacións, así como a tala de arborado, si fose necesario.

É evidente que a imposición destas servidumes constitúe unha limitación singular do dereito de propiedade e polo tanto ten natureza indemnizable.

Completa este precepto o enunciado de facultades dispoñibles para o titular do predio gravado coa servidume:

*“Artigo 59. Relacións civís.*

1. A *servidume de paso de enerxía eléctrica* non impide ao dono do predio servinte **cercalo ou edificar sobre el** deixando a salvo dita servidume, sempre que sexa autorizado pola Administración Pública competente, que tomará en especial consideración a normativa vixente en materia de seguridade.

Poderá así mesmo o dono solicitar o cambio de trazado da liña, si non existen dificultades técnicas, correndo á súa costa os gastos da variación.

2. A variación da ubicación ou trazado dunha instalación de transporte ou distribución de enerxía eléctrica como consecuencia de proxectos ou plans aprobados pola Administración comportará o pago do custo de devandita variación por parte da Administración competente sobre devandito proxecto ou plan.”

Finalmente, para o non expresamente previsto nos preceptos dise que:

*“Artigo 60. Dereito supletorio.*

*No relativo á regulación contida nos artigos 54 a 56 deste título será de aplicación supletoria o disposto na lexislación sobre expropiación forzosa e nas materias previstas nos artigos 57 e seguintes será de aplicación supletoria o disposto o disposto no Código Civil”*

É dicir, a remisión á normativa de expropiación forzosa reconece o **deber de indemnizar** aos titulares como consecuencia da privación de parte das facultades derivadas do dominio (cfr. 1.1., 3.1. ou 42 LEF).

#### *A práctica do Consello da Xunta aprobando PIAPE e as servidumes*

Co simple ánimo de chamar a unha ampliación do debate e a reflexión incorporamos dous exemplos onde a decisión do Consello da Xunta de Galicia é diverxente no que se refire aos usos permitidos e non permitidos nas servidumes impostas cando a aprobación do PIAPE.

O primeiro exemplo é o do Parque Eólico Alto da Croa II, situado en Dumbría e Vimianzo<sup>12</sup>. Nese acordo do Consello establécese que nos terreos cualificados como solo rústico de protección especial de infraestruturas (SRPI, véxase o apartado seguinte) permitirase o uso agrícola e gandeiro é permitido sempre que non exista afección ou desviación do funcionamento das infraestruturas enerxéticas. En todo caso contemplaranse as seguintes condicións:

- As plantacións de árbores a menos de 200 m de calquera aeroxerador, non poderán interferir no correcto funcionamento do parque; quedando expresamente prohibido a realización de plantacións baixo o voo do aeroxerador.
- Non se poderá realizar ningunha edificación nun radio de 200 m de calquera aeroxerador excepto o edificio de control necesario para o funcionamento do parque eólico.

O segundo exemplo é o do PE Carracedo. A Pastoriza<sup>13</sup>. Neste acordo, o Consello da Xunta establece que as áreas en réxime de servidume (viarios e voo dos aeroxeradores) e as gabias dos cabos eléctricos terán as seguintes limitacións de dominio:

- Prohibición de efectuar traballos de arada ou similares, así como plantar árbores e arbustos
- Prohibición de efectuar calquera tipo de obras ou efectuar acto algún que puidese danar ou prexudicar ao bo funcionamento das instalacións

---

<sup>12</sup> [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20201221/AnuncioG0596-141220-0004\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20201221/AnuncioG0596-141220-0004_gl.html)

<sup>13</sup> [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190110/AnuncioG0424-141218-0006\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190110/AnuncioG0424-141218-0006_gl.html)

- Na zona de protección eólica (terreo protexido para permitir a libre circulación do aire nas proximidades do aerogenerador), poderanse realizar actividades agrícolas ou gandeiras, pero non actividades forestais cando o arboredo supere unha altura equivalente ao 20 % da altura da buxa. Prohíbese calquera outra actividade que impida a circulación do vento nesa zona, nin situar obstáculos de altura superior ao 20 % da altura da buxa

Obsérvese que o criterio para as limitacións de uso son diferentes para estes dous parques eólicos. Este aspecto require unha avaliación máis ampla e por outros profesionais.

Delimitación do dereito de propiedade: cambio de réxime estatutario do solo para a protección de infraestruturas enerxéticas.

Unha vez determinada a superficie afectada pola execución do PIAPE e non antes, porque no PSEG non é posible determinar acabadamente a superficie que ocupará o parque e as súas servidumes, pois iso dependerá das concretas instalacións enerxéticas, é cando procede un cambio de cualificación (non de clasificación, que será xa previamente SR) do solo, algo que como xa se mencionou permite a Lei do PIAPE en tanto que instrumento de ordenación do territorio.

Para estes efectos, indica a MPSEG:

#### *“3.4. PROTECCIÓNS URBANÍSTICAS*

*En todas as áreas de potencial eólico que se inclúen na MODIFICACIÓN do Plan Sectorial Eólico de Galicia, reflectiuse o plan urbanístico que lle é de aplicación, resultando a maioría delas afectadas por proteccións urbanísticas, a maioría forestais e agrícolas, proteccións que en xeral non afectan as condicións do recurso eólico, polo que seguirá sendo de aplicación dentro do ámbito territorial do parque eólico, que reflicte a súa incidencia enerxética e coincide coa poligonal do proxecto sectorial, a normativa do plan vixente.*

***Só se substituirán (unha vez terminado o proceso) estas proteccións, pola especial de infraestruturas enerxéticas, para a superficie exactamente vinculada ao parque eólico, como se sinala no apartado 3.2.2.***

Aquí temos a referencia máis clara ao cambio de cualificación do solo rústico, de solo rústico de protección ordinaria, de solo rústico de protección agraria ou de protección forestal a Solo Rústico de Protección de Infraestruturas (SRPI) que se pon en relación coas superficies ocupadas materialmente e máis as afectadas polas servidumes (que é ao que se refire o art. 3.2.2. ao que reenvía).

Con carácter xeral, a delimitación de usos do solo non produce dereito a indemnización, pero entendemos que nestes casos, todos os que quedan recualificados son consecuencia da aprobación do PIAPE que establecen ademais

limitacións singulares de dereito (véxase subapartado anterior), polo que ese é o título de indemnización (a limitación, non a delimitación).

Declaración de eficacia do propio PSEG en relación ao conxunto da OT e a planificación urbanística e consecuencias.

A MPSEG remata cunha declaración de eficacia no seu apartado VII- Eficacia:

*“As determinacións contidas no presente Plan sectorial, unha vez aprobado, terán **forza vinculante** para as administracións públicas e para os particulares e **prevalecerán** sobre as determinacións do plan urbanístico vixente.*

*Os municipios nos que se asenten as infraestruturas enerxéticas obxecto do Plan sectorial, deberán **adaptar o seu plan** urbanístico ao contido do mesmo, segundo o establecido na determinación:*

*Medidas para a articulación co plan e prazo para realizala.”*

Esta afirmación deriva da lexislación outrora aplicable e debe entenderse agora referida ao contido do art. 38 LOTG, que establece a eficacia dos plans sectoriais:

*“1. As determinacións dos plans sectoriais terán, en todo caso, a **eficacia que sexa congruente coa súa funcionalidade** e expresarán de forma clara e inequívoca o **alcance co que deberán operar**, de acordo co establecido no artigo 20.*

*2. Cando os plans sectoriais conteñan **determinacións de aplicación directa** ou vinculantes para o planeamento urbanístico existente, o decreto de aprobación definitiva daqueles precisará, necesaria e respectivamente, os puntos concretos nos que as determinacións do plan prevalecerán sobre o planeamento urbanístico ou o momento ou os prazos nos que os concellos deberán adaptarse ás ditas determinacións.”*

O resto das mencións do precepto refírense agora a contidos da LOTG e a LAEGA, singularmente relativas á exención de obtención de licenza urbanística e os procedementos expropiatorios.

En relación ás licenzas a mención da MPSEG está actualmente recollida no art. 48.6. LOTG, que sinala:

*“6. As obras e as instalacións públicas definidas detalladamente nun proxecto de interese autonómico serán cualificadas expresamente como de marcado carácter territorial e **non estarán suxeitas a licenza urbanística nin a ningún dos actos de control preventivo municipal**, sen prexuízo da obrigatoriedade do cumprimento da normativa de aplicación exixible. Neste caso, con carácter*

*previo ao inicio das obras, remitiráselles aos concellos nos que se asente a actuación un exemplar do proxecto técnico delas.”*

No que atinxe aos procesos expropiatorios rexe agora o art. 44 LAEGA:

*“1. Para os efectos previstos no título IX da Lei 24/2013, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e na normativa que o desenvolve, ou normas que as substitúan, o recoñecemento da utilidade pública das instalacións incluídas no ámbito desta lei será acordado pola dirección xeral competente en materia de enerxía, sen prexuízo da competencia do Consello da Xunta de Galicia no caso de oposición de organismos ou outras entidades de dereito público.*

*2. A solicitude de declaración, en concreto, de utilidade pública poderá efectuarse de xeito simultáneo á solicitude de autorización administrativa previa e/ou de construción, durante a tramitación destas autorizacións ou con posterioridade á obtención de calquera das devanditas autorizacións administrativas.*

.....

*5. A declaración de utilidade pública levará implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens e a adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e concordantes da Lei 24/2013, do 27 de novembro, do sector eléctrico, ou normas que as substitúan.”*

A competencia polas terras con aptitude eólica: solapamentos e exclusión de competidores

A Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia provocou un Artigo engadido na Lei 8/2009, que se denomina disposición transitoria sexta engadida pola disposición derradeira sétima apartado doce:

*Disposición transitoria sexta. Normas transitorias mentres non se leve a cabo o desenvolvemento regulamentario previsto nesta lei*


*1. O necesario desenvolvemento regulamentario ao que se fai referencia nesta lei non impedirá a admisión a trámite de novas solicitudes de autorización de parques eólicos mentres aquel non se leve a cabo.....*

*2. En tanto non se diten as normas de desenvolvemento regulamentario ás que se fai referencia no punto 4 do artigo 31, entenderase que existe solapamento da nova solicitude cando a distancia proxectada horizontalmente entre os aeroxeradores da nova solicitude e os aeroxeradores dun parque eólico en funcionamento, autorizado ou en fase de tramitación administrativa sexa inferior a 10 diámetros do parque eólico autorizado ou en fase de tramitación administrativa nas direccións correspondentes ao 1º (+,+) e 3º (-,-) cuadrante, e a 4 diámetros nas direccións correspondentes ao 2º (-,+) e 4º (+,-) cuadrante. Para estes efectos, tomarase o maior dos diámetros dos aeroxeradores afectados. Para a determinación da dirección, terase en conta*

*a liña recta que una o aeroxerador solicitado co aeroxerador do parque que xa se atopa en funcionamento, autorizado ou en fase de tramitación administrativa, utilizando un sistema de coordenadas cartesianas co norte orientado no eixe +y.».*

Con aeroxeradores que teñen 150 metros de diámetro de varrido, supoñen zonas de exclusión de 3 quilómetros no primeiro e no terceiro cuadrante e 1,2 quilómetros no segundo e no cuarto. Aínda requirindo unha análise máis específica, e consideramos que este factor é un dos mecanismos que impulsan o actual boom eólico pois o primeiro promotor que consiga colocar un aeroxerador admitido a trámite estará excluindo a competidores. Ademais, se nun futuro os propietarios desas terras “reservadas” quixeran desenvolver un parque eólico só poderían facelo por medio de acordo con ese primeiro promotor. Ese dereito a desenvolver parques eólicos nas zonas de exclusión que adquire o promotor é concedido gratuitamente co menoscabo do valor enerxético que sofren os predios afectados.

Figura 1. Zonas de Exclusión de Competidores






## Información global sobre a dinámica eólica en Galicia

Na gráfica 1 pódese observar a dinámica seguida en Galicia no que atinxe á instalación de potencia eólica.

Gráfica 1. Dinámica da potencia instalada en Galicia. MW




Fonte: Observatorio Eólico de Galicia (2021) a partir de CNMC, REE e INEGA.

Na actualidade preto de 4000 MW están instalados nas terras rústicas en Galicia. Como se pode ver, máis do 80% dea potencia xa estaba instalada en 2008. Tamén se observan 10 anos de moi pouca actividade ao nivel de novos parques e novos investimentos. Finalmente, 2019 converteuse no terceiro ano con maior potencia anual acumulada, despois de 2005 e 2007.

Este parón nos novos investimentos non significou debilidade de ningún tipo no ámbito da produción de electricidade a partir da enerxía eólica, tal e como se pode ver na gráfica 2.

Gráfica 2. Dinámica da produción de electricidade procedente de parques eólicos. Galicia. MWh



Fonte: Observatorio Eólico de Galicia (2021) a partir de CNMC, REE e INEGA.

A produción anual total dos parques eólicos galegos expresada en MWh e rexistrada pola Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC), por Red Eléctrica de España (REE) e polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) non coinciden. Os datos que dan estas tres entidades a nivel de produción é maioritariamente produción agregada e só para un período reducido o Ministerio ofreceu información desagregada por parque eólico Utilizando estas fontes e os certificados de garantía, elaboramos unha base de datos para cada parque eólico.


Esa información está incluída na Base de Información Socioeconómica da Enerxía Eólica de Galicia (BISEEGA), que contén información desagregada por parque eólico, área desenvolvemento eólico, concello e provincia de variábeis socioeconómicas relevante para entender o funcionamento desas unidades produtivas. A nivel de produción global, os cálculos realizados sobrestiman a produción ata principios da década pasada e subestima tanto ao principio como ao final da serie. Sen embargo, presenta un perfil bastante coincidente co das outras entidades. Será a BISEEGA a fonte de información utilizada para presentar todos os resultados incluídos nesta publicación.

En primeiro lugar, resalta o volume económico derivado dos parques eólicas galegos en función da súa facturación bruta, é dicir, derivada da venda da electricidade.

Obsérvase un continuo crecemento asociado co incremento da potencia instalada: máis parques significa máis produción cada ano. En segundo lugar, obsérvase como 2008 foi o ano con maior facturación malia non ser o ano con maior produción. A explicación é sinxela: dos anos que configuran o período estudado, 2008 foi o único ano cun prezo superior a 100 €/MWh. Entre ese ano e 2013, ano coa maior produción de toda a serie, prodúcese un estancamento do crecemento pero desde 2013 ata 2016, principalmente como consecuencia dos cambios normativos vinculados co funcionamento dos mercados e as políticas de incentivo ás renovábeis, e a eólica en particular, o sector sofre unha queda significativa tanto da produción como da facturación. Desde 2017 a produción de MWh nos parques galegos non parou de crecer. A facturación acompañou ese crecemento ata 2018. 2019 e 2020 trouxeron unha contracción da facturación, malia o incremento da produción.

Cómpre mencionar que as tres fontes que dan datos para 2020 (todas excepto o INEGA) coinciden en colocar ese ano como o de maior produción de electricidade nos parques eólicos galegos de toda a serie, malia pandemia.

Gráfica 3. Producción de electricidade nos parques eólicos en Galicia. Euros.



Fonte: Observatorio Eólico de Galicia (2021) a partir de CNMC, REE e INEGA.

## Ocupación de Rede Natura polos parques eólicos

Que os parques eólicos e as súas infraestruturas ocupen ecosistemas protexidos pola Rede Natura 2000 é pouco común a nivel europeo. No caso galego é algo moi estendido. Como se pode ver na Táboa 1, as Áreas de Desenvolvemento Eólico ocupan 107 mil hectáreas das case 320 mil de RN en Galicia. E nalgúns casos, case a totalidade da Rede Natura é ADE (Brañas do Xestoso, Estaca de Bares, Monte Maior ou Xubia-Castro).

Táboa 1: Rede Natura e ADEs.

SITE_NAME	SUP (HA) TOTAL ESPAZO	SUP (HA) OCUPACION ADE	ADE/ST. %
Ancares - Courel	102.634,51	18.143,04	17,68
Baixa Limia	33.921,45	1.088,02	3,21
Baixo Miño	2.870,95	2,14	0,07
Betanzos - Mandeo	1.020,09	82,37	8,07
Brañas de Xestoso	1.077,12	1.070,51	99,39
Carballido	4.827,93	69,85	1,45
Carnota - Monte Pindo	4.673,85	1.299,53	27,8
Costa Ártabra	7.545,87	1.833,82	24,3
Costa da Mariña occidental	491,24	132,19	26,91
Costa da Morte	11.809,36	3.427,53	29,02
Cruzul - Agüeira	651,63	81,62	12,53
Estaca de Bares	851,54	833,57	97,89
Esteiro do Tambre	1.581,50	3,73	0,24
Fragas do Eume	9.127,11	791,25	8,67
Macizo Central	46.985,65	27.555,97	58,65
Monte Aloia	782,89	731,01	93,37
Monte Faro	2.988,13	2.647,10	88,59
Monte Maior	1.247,11	1.247,68	100
Ortigueira-Mera	3.867,81	221,13	5,72
Pena Trevinca	24.896,20	11.437,38	45,94
Pena Veidosa	2.321,07	2.233,16	96,21
Ría de Foz - Masma	643,21	0,85	0,13
Río Anllóns	161,98	24,19	14,93
Río Cabe	1.786,92	154,19	8,63
Río Eo	982,06	60,71	6,18
Río Landro	127,19	13,56	10,66
Río Ouro	108,92	8,76	8,04
Río Tambre	583,25	53,93	9,25
Río Támega	630,46	0,67	0,11
Río Tea	356,38	74,18	20,82
Serra do Candán	10.699,06	7.375,18	68,93
Serra do Cando	5.458,33	3.354,65	61,46
Serra do Careón	6.661,68	682,55	10,25
Serra do Xistral	22.963,90	18.349,50	79,91
Xubia - Castro	2.074,33	1.978,29	95,37
	319.410,71	107.063,81	33,52

Fonte: Elaboración propia a partir de DOG e Rexistro Eólico de Galicia.

En zonas de Rede Natura temos localizados máis de 1.200 MW de potencia, como se pode ver no cadro seguinte.,

Táboa 2: Afectación dos parques eólicos na Rede Natura 2000 a Setembro de 2009.

Área de investigación	Nº de parques eólicos en Rede Natura	Potencia total dos parques eólicos (MW)	LIC afectado
Serra do Cando	3	64,21	Serra do Cando
Monte Festeiros	2	99	Serra do Candán
Viveiro	1	36,55	Monte Maior
Carba	1	40	Serra do Xistral
Paxareiras II	1	34,8	Carnota-Monte Pindo
Buio I	1	40,3	Serra do Xistral
Buio II	1	20,8	Serra do Xistral
Capelada	2	31,35	Costa Ártabra
Carba	2	44,2	Serra do Xistral
Pena Luisa	1	21,78	Serra do Xistral
Pena Grande	2	30,36	Serra do Xistral
Xistral	1	21,12	Serra do Xistral
Carballreira	1	24,42	Serra do Xistral
Serra de Careón	2	38,7	Serra do Careón
Pena Forcada	1	33,8	Costa da Morte
G3/G16	1	18,3	Serra do Xistral
LU04-LU05	1	41,4	Serra do Xistral
LUG4-LUG5	1	28,8	Serra do Xistral
EEG2-EEG4	3	58,5	Serra do Xistral
EEG2	3	66	Serra do Xistral
EEG1	2	29,25	Serra do Xistral
EEG3	4	79,5	Serra do Xistral
EEG4	1	21,75	Serra do Xistral
Somozas	2	38,2	Xubia - Castro
Capelada	2	33	Costa Ártabra
Montouto	1	20,46	Serra do Xistral
Fiouco	1	24	Serra do Xistral
Serra do Faro	2	62,4	Monte Faro
Serra do Farelo	1	36,8	Monte Faro
Mondoñedo	1	48,43	Xistral
SEN PEE	6	66,54	Fragas do Eume, Costa da Morte, Ortigueira Mera e Brañas do Xestoso
TOTAL	54	1254,72	

Fonte: Copena et al (2010).

Destaca por enriba de outros LICs a Serra do Xistral, onde se localizan máis do 50% desa potencia (642,32 MW)<sup>14</sup>.

## Fases no desenvolvemento eólico en Galicia

Na dinámica eólica de Galicia pódense observar 3 períodos:

1. O primeiro de 1995 a 2009, podémolo denominar como o período de forte crecemento eólico sen oposición social significativa
2. O segundo período iría de 2010 a 2018, cuxos principais trazos son o parón nos investimentos e o inicio dun novo modelo normativo para o desenvolvemento eólico.
3. O terceiro período, desde 2019 ata a actualidade: consolidación da liberalización da enerxía eólica en Galicia e explosión ou boom de novas propostas

Imos presentar a continuación os principais trazos deses 3 períodos.

### Primeira fase: 1995-2009.

A planificación do aproveitamento dos recursos eólicos en Galicia iníciase formalmente no ano 1997 coa aprobación do Plan Sectorial Eólico de Galicia (PSEG). Co PSEG «preténdese planificar o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia... abranguendo aquelas áreas nas que se estime, logo do informe do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), a existencia de recursos eólicos aproveitables e será vinculante para os distintos suxeitos que operen no sector»<sup>15</sup>. No Diario Oficial de Galicia (DOG) do 15/12/1997 publicouse o acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal denominado Plan Sectorial eólico de Galicia.

No momento en que entrou en vigor o PSEG, a administración autonómica xa tiña asignados 2.842,9 MW, o que supuña o 73,3 % da potencia total asignada aos titulares de Plans Eólicos Empresariais (PEE) e o 55 % dos PEE finalmente aprobados (10 de 18). Esta potencia asignouse a través dos chamados plans eólicos estratéxicos, figura que fora introducida polo Decreto 205, publicado no DOG do 6 de xullo de 1995 (en adiante, Decreto 205/1995). Este decreto regulaba o proceso de autorización dos plans eólicos estratéxicos e constituía o único instrumento de regulación do aproveitamento dos recursos eólicos en Galicia. É dicir, o PSEG aprobouse vinte e nove meses despois de aprobarse o Decreto 205/1995, cando xa estaba moi avanzado (acadaba case o 80 %) o reparto do territorio con potencial eólico realizado a través dos plans eólicos estratéxicos.

---

<sup>14</sup> Para un maior afondamento sobre a relación entre a Serra do Xistral, A Terra Chá e a enerxía eólica pódese ver Simón e Montero (2021).

<sup>15</sup> Artigo 5 do Decreto 302/2001; DOG núm. 235, p. 15.459.

Este feito, relevante á hora de entender as razóns que se tiveron en conta para ordenar territorialmente o sector eólico galego, aparecía mencionado explicitamente na memoria de modificación do PSEG<sup>16</sup>. Efectivamente, a Xunta de Galicia refírese explicitamente ao feito de que 98 áreas de investigación eólica, dun total de 140, estaban integradas nos dez plans eólicos estratéxicos aprobados con anterioridade pola Consellaría de Industria e Comercio<sup>17</sup>. Isto significa que a asignación de zonas con aptitude eólica entre os diferentes axentes participantes estaba practicamente concluída antes de que o lexislador realizase a planificación territorial do sector. É por este motivo polo que, para entender o inicio do proceso do desenvolvemento eólico, e os seus resultados, cómpre deterse na análise das características dos plans eólicos estratéxicos, regulados polo Decreto 205/1995 e posteriormente polo Decreto 302/2001, de aproveitamento da enerxía eólica en Galicia<sup>18</sup>.

### Requisitos para ser titulares dun PEE

No Decreto 205/1995 sinalábase que podían ser titulares dun PEE os promotores que «demostren capacidade técnica e financeira» (Decreto 205/1995, artigo 5.1.2) e que pretendan «implantar máis de dous parques eólicos» mediante «investimentos plurianuais, o fin do cal é presentarlle á Administración o contido innovador do sector, a incidencia na planificación enerxética sectorial e o desenvolvemento harmónico dos aproveitamentos eólicos, así como o seu impacto sobre o tecido industrial e desenvolvemento económico local e rexional» (Decreto 205/1995, artigo 4). Neste mesmo artigo sinalábase que para acadar a titularidade dun PEE sería necesario solicitálo ante o conselleiro de Industria e Comercio.

### Dereitos conferidos aos titulares de PEE

Polo Decreto 205/1995 a aprobación dun PEE levaba consigo o «dereito á investigación eólica da área nos termos contidos na aprobación administrativa do Plan», é dicir, áreas poligonais delimitadas por coordenadas UTM, e «o dereito preferente, na área aprobada, á autorización de instalacións de aproveitamento de enerxía eólica contidas no PEE, no caso de existiren proxectos en competencia» (artigo 8).

No caso do Decreto 302/2001, a aprobación dun PEE «dará o dereito ao beneficiario a solicitude de recoñecemento do dereito exclusivo á autorización de parques eólicos nas áreas solicitadas, durante o período de duración do Plan sempre que se cumpran polo promotor as actuacións incluídas no Plan eólico empresarial e a implantación dos parques se leve a efecto dentro da programación prevista no Plan tecnolóxico industrial presentado polo promotor» (artigo 9.b).

Ese dereito prioritario ou exclusivo para a posta en marcha de parques eólicos nas zonas asignadas mediante os PEE converteuse a partir de 2001 no criterio máis determinante para a admisión a trámite de nova potencia<sup>19</sup>.

---

<sup>16</sup> Inega (2002).

<sup>17</sup> Inega (2002), p.155

<sup>18</sup> Decreto 205/1995, DOG núm. 136 do 6/07/1995; Decreto 302/2001, DOG núm. 235 do 5/12/2001.

<sup>19</sup> Por exemplo, na convocatoria de admisión a trámite de potencia realizada pola Orde do 31 de xaneiro de 2002 admítense 358,85 MW, dos que 343,85 pertencían a titulares de PEE.

### Tipoloxía das obrigas dos titulares dun PEE

O Decreto 205/1995 indicaba que o conxunto de actuacións ou obrigas que desenvolvera o adxudicatario dun PEE realizaríanse nun período «mínimo de dous anos e un máximo de dez» (artigo 5.1.1.a)<sup>20</sup>. Analizando as resolucións de aprobación dos PEE pódense clasificar esas obrigas en catro grandes epígrafes:

1. Realizar investigación eólica e transferir os resultados á Xunta.
2. Executar unha potencia determinada nun período determinado nunha zona xeográfica específica.
3. Realizar un investimento monetario cuantificado en euros nun período específico. Cuantificado a nivel de PEE, distinguía entre:
  - a. Asumir que unha determinada porcentaxe do investimento total debía ser realizada en/con empresas galegas.
  - b. Dentro da porcentaxe que debía ser realizada en/con empresas galegas, unha determinada contía debía ser gastada nos distintos compoñentes do aeroxerador.
4. Compromisos do Plan industrial durante un período de tempo fixado nas resolucións de aprobación:
  - a. Investimento en euros relacionado coa creación de novas actividades industriais ou mediante acordos con terceiras empresas radicadas en Galicia.
  - b. Creación de emprego, vinculado a esas novas actividades industriais.
  - c. Data de inicio da actividade industrial.
  - d. Producción anual, expresada en número de unidades.
5. Achegas económicas ao Plan de fomento da enerxía solar, ou alternativamente, posta en marcha de investimentos para o desenvolvemento da industria fotovoltaica ou solar térmica.

A aprobación dos PEE «será vinculante tanto para o solicitante como para a propia Administración, nos termos descritos na resolución administrativa que os aprobe» (Decreto 205/1995, artigo 9).

### Procedemento para a aprobación dos PEE

As empresas interesadas na aprobación dun PEE demandaban en calquera momento ante a Consellaría de Industria e Comercio, mediante proxectos individuais, unha asignación de zonas e potencia eólica vinculada. Cada unha das peticións era examinada segundo o establecido no Decreto 205/1995 e sometíase a información pública de competencia polas zonas en que ese titular tiña interese (artigo 5). Déronse casos de competencia entre promotores por algunhas zonas. Os que se consideraban afectados presentaban alegacións que pretendían facer valer dereitos eólicos previos ou doutro tipo. Esa competencia era parcial, xa que os promotores non competían pola zona de aptitude eólica mediante ofertas que incluían contraprestacións económicas, industriais ou de calquera tipo.

Polo tanto, a asignación de dereitos preferentes para o desenvolvemento do potencial eólico a través dos PEE realizouse sen que existise unha convocatoria periódica e competitiva á que os axentes interesados presentasen ofertas, e

---

<sup>20</sup> Malia esta lexislación houbo tres promotores que conseguiron un PEE de duración superior (NORVENTO, ENGASA e FERGO).



competindo entre elas para facerse cos dereitos de determinadas zonas en función das contrapartidas económicas, industriais, tecnolóxicas ou de calquera outra tipoloxía. O propio Decreto 205/1995 non recollía ningún mecanismo competitivo entre administrados con capacidade financeira e técnica para o desenvolvemento eólico.

O Decreto 302/2001, en cambio, si que recollía a convocatoria anual de procesos para aprobación de PEE. No seu artigo 6.3 sinalábase que «a consellaría competente en materia de enerxía establecerá cada tres anos, mediante a oportuna orde publicada no DOG, na que se especificarán as condicións mínimas de planificación enerxética que deberán cumprir os solicitantes.....» a convocatoria para aprobación, ampliación ou modificación de PEE. Malia esta opción, o 100% da potencia asignada a promotores eólicos mediante os PEE foi baixo o paraugas do Decreto 205/1995.

### Dos plans eólicos empresariais aos parques eólicos

A aprobación dos PEE outorgaba aos seus titulares dereitos preferentes á hora de autorizar os parques eólicos. O Decreto 205/1995 e o Decreto 302/2001 establecían o procedemento para a autorización das instalacións eléctricas.

No Decreto de 1995 fixábase un procedemento mediante o cal «os interesados na implantación e explotación dun PE solicitará a autorización deste mediante instancia dirixida ao delegado provincial da Consellaría de Industria e Comercio» (artigo 10.1). O capítulo IV do Decreto de 302/2001, pola súa parte, poñía en marcha un mecanismo de convocatorias anuais nas que os interesados concorrían para a admisión a trámite das instalacións electromecánicas vinculadas cos parques eólicos e a súa posterior autorización.

A aprobación dos PEE e a posterior admisión a trámite e autorización dos parques eólicos, dende 1995 a setembro de 2009, levou aos resultados que figuran na Táboa 3.

Táboa 3. Distribución da potencia eólica dos PEE, segundo a norma que autorizou os parques. MW.

	En funcionamento	Autorizados	Admitidos a trámite	Total
Decreto 205/1995	1.775,69			1.775,69
Decreto 302/2001	1.209,88	184,00	519,97	1.913,85
	2.985,57	184,00	519,97	3.689,54

Fonte: Elaboración propia a partir de OEGA (2021).

## Resultados do marco regulador: os axentes presentes na produción eólica galega

En Galicia aprobáronse 19 PEE ao abeiro do Decreto 205/19959. O primeiro aprobouse mediante a Resolución do 29 de decembro de 1995 e o último foi aprobado por Resolución do 20 de novembro de 2002

A relación de PEE existentes en Galicia aparece reflectida na Táboa 4.

Táboa 4. Titulares de Plans Eólicos Empresariais

<b>NOMINACIÓN INICIAL DO PL/</b>	<b>TITULAR en 2009</b>
P.E.E. KENETECH	ACCIONA EÓLICA DE GALICIA
P.E.E. D.E.S.A.	DESA (Desarrollos Eólicos S.A.)-NeoEnergía
P.E.E. ECOTÉCNIA-G.E.A.	EASA (Energías Ambientales S.A.)
P.E.E. UNIÓN FENOSA ENERGÍAS ESPECIALES	ENEL Unión Fenosa Renovables, S.A.
P.E.E. ELECNOR	ENERFIN S.A. (Antes Elecnor S.A.)
P.E.E. ENGASA	ENGASA (Energía de Galicia S.A.)
P.E.E. ENVIROIL-UNITEC	GALENOVA E EÓLICA GALLEGA DEL ATLÁNTICO
P.E.E. EÓLICOS TOURIÑÁN	EÓLICOS TOURIÑÁN S.A.(ECYR + URBAENERGÍA)
P.E.E. GAMESA	GAMESA
P.E.E. IBERINCO	IBERDROLA Energías Renovables de Galicia S
P.E.E. FERGO GALICIA S.A.	FERGO GALICIA S.A.
P.E.E. HIDROENER	NORVENTO S.L.
P.E.E. TOTALFINA	TOTALFINA EÓLICA S.A.
P.E.E. HIDROELÉCTRICA GALAICO	HIDROELÉCTRICA GALAICO PORTUGUESA, S.A. (Grupo ADELANTA)
P.E.E. ISOLUX	ISOLUX CORSÁN CONCESIONES S.A.
P.E.E. NORDTANK	MONTOUTO 2000, S.A. (Grupo Adelanta)
P.E.E. ENDESA-MADE	ECYR (Endesa Cogeneración y Renovables, S
P.E.E. SEAWEST	EUROVENTO S.L.U.

Fonte: Elaboración propia a partir de DOG.

Xunto aos promotores titulares de PEE, no mercado eólico galego participan outros dous tipos de axentes: os promotores privados, que eran titulares de como máximo un parque eólico<sup>21</sup> e os promotores privados ou públicos (concellos), que eran titulares dun parque eólico singular (PES)<sup>22</sup>.

Como se pode observar na Táboa 5, as instalacións eólicas pertencentes aos titulares de PEE foron as máis importantes, ao representar o 94,16 % da potencia total instalada.

---

<sup>21</sup> Como xa se dixo antes, os promotores que pretendían a titularidade de dous ou de máis PE debían ser titulares dun PEE. Ou dito doutro xeito, os promotores que non tiñan aprobado PEE non podían posuír máis dun PE.

<sup>22</sup> Os PES reguláronse por primeira, e última, vez no Decreto 302/2001

Táboa 5. Relación de parques segundo tipoloxía MW.. Setembro 2009

	Potencia en funcionamento	Potencia autorizada	Potencia admitida a trámite	Total
Promotores con PEE	2.985,57	184,00	519,97	3.689,54
Promotores sen PEE	163,65	72,44	39,20	275,29
PES de Concellos	19,30	39,85	3,00	62,15
PES de empresas	5,20	7,90	32,20	45,30
Total	3.173,72	304,19	594,37	4.072,28

Fonte: Elaboración propia a partir de OEGA (2021).

### Nivel de cumprimento dos compromisos de investimento industrial asociados cos PEE

Antes de referirnos ao nivel de cumprimento dos compromisos relativos aos investimentos industriais, aqueles que nun principio tiñan unha maior capacidade tractora do territorio por estaren vinculados con investimentos duradeiros en diversos sectores industriais, fagamos unha inicial referencia ao nivel de investimentos vinculado co desenvolvemento da potencia. É obvio que a medida que se instalaron os parques eólicos os promotores tiveron que realizar os investimentos que amparaban esas actuacións. Como dixemos, para o caso dos parques eólicos vinculados cos PEE as contías de investimento global estaban fixadas. No ano 2009, nun estudo realizado na Universidade de Vigo se estimara<sup>23</sup> que coa potencia instalada naquel entón o investimento comprometido ascendía a máis de 2.500 millóns de euros (asociados cos 2.985,57 MW instalados). Nese mesmo traballo indicábase que case 200 millóns de euros non foran investidos, o cal representaba case un 8%. É dicir, foi un alto nivel de cumprimento: a maioría da potencia, e do seu investimento asociado, fora realizado. Ao mesmo tempo, o marco regulador esixía que unha parte dese investimento fora realizado con empresas radicadas en Galicia. Era unha boa medida, sen dúbida algunha. Os cálculos realizados situaban esa porcentaxe arredor do 70%, alcanzando o menor valor nos investimentos relacionados coas compoñentes máis tecnolóxicas (aeroxerador) de todo o investimento dun parque eólico.

Os compromisos relacionados co Plan Industrial estaban definidos nas resolucións de aprobación dos PEE en termos dos seguintes investimentos:

1. Investimentos en actividades industriais que producían compoñentes para o desenvolvemento dos parques eólicos, incluídos investimentos

---

<sup>23</sup> Simón et al (2010)

en actividades produtivas diferentes da eólica moi intensivas en capital, como os da industria aeronáutica.

- Investimentos en actividades de I+D+i relacionadas coa enerxía solar térmica e fotovoltaica integrados no Plan de Fomento da Enerxía Solar que executaría a Consellería de Industria e Comercio a través do INEGA ou, alternativamente, en actividades industriais que producían compoñentes para o desenvolvemento da enerxía solar.

Estes compromisos non afectaban por igual a todos os promotores dos PEE. De feito, dos dezanove PEE existentes, só aparecían compromisos desta natureza para quince deles (Touriñán, Fenosa, Enerfín e HGP non asumiran compromisos de natureza industrial). Na Táboa 6 sinálanse os distintos tipos de compromisos asumidos por cada un dos promotores nas súas respectivas resolucións.

Táboa 6. Promotores e compromisos dos PEE

	Investimentos en novas actividades industriais	Investimentos en +D+i relativos a enerxía solar (1)	Investimentos en industrias de enerxía solar (2)
DESA			
Eurovento			
Gamesa			
Acciona			
Iberdrola			
EASA			
Montouto			
ECYR			
Norvento			
Engasa			
Fergo			
Galenova e EGA			
Isolux			
Totalfina			

(1 e 2 son opcións alternativas de investimentos para os promotores)

Fonte: Elaboración propia a partir de DOG.

Todos os promotores que tiñan a condición de tecnólogos (ECYR, Gamesa, Acciona, Eurovento, DESA, Montouto e EASA) asumían obriga de producir en Galicia determinados compoñentes tecnolóxicos dos aeroxeradores, como a fabricación de multiplicadores, pas, fustes ou o sistema eléctrico, entre outros. Sobre eses compromisos dos tecnólogos pivotaba a meirande parte do desenvolvemento dos PEE.

O resto dos promotores (Fergo, Norvento, Engasa, Isolux, Totalfina, Iberdrola, Galenova e EGA), participaban, segundo as respectivas resolucións, no desenvolvemento da enerxía solar en Galicia.

ECYR, pola súa parte, era o único promotor en quen recaían compromisos de todos os tipos: vinculados coa enerxía eólica e coa enerxía solar.

Os investimentos en actividades industriais foron os que incidiron transversalmente, social e territorialmente, no conxunto da sociedade galega. Se ben estaban asociados aos desenvolvementos eólicos a súa localización xeográfica foi diversa. Tiñan, ademais, capacidade de arrastre de outras actividades vinculadas no ámbito do

fornecemento de insumos. Resultaron investimentos con certo nivel de calidade en I+D+i, abrangendo actividades que requirían traballo e know how innovadores. E afectaron tamén a diversos sectores, non só de industrias vinculadas coa enerxía eólica.

## Propiedade pública e enerxía eólica

A propiedade pública na promoción das enerxías renovábeis apareceu co Decreto 302/2001. Os concellos contaron coa posibilidade de desenvolvemento de parques eólicos a partir da figura dos Parques Eólicos Singulares (PES). Esta clase específica de parques eólicos estaba pensada, principalmente, para alcanzar os obxectivos:

- Estar “destinado principalmente ó autoconsumo da enerxía producida nel, que poderá ser municipal, doméstico, industrial ou de servizos”;
- Xerar impactos económicos positivos nos concellos afectados mediante procesos industriais;
- Xerar impactos directos para nas arcas municipais.

Os PES contaban con outra singularidade adicional que os diferenciaba do resto de parques eólicos galegos e que está vinculada coa súa implantación territorial, permitíndose a súa instalación en espazos non contemplados no PSEG.

Nas poucas convocatorias que se desenvolveron para a selección de PES municipais, os concellos presentaron numerosos proxectos para tratar de desenvolverlos: polo menos 182 concellos, o 62% do total. Sen embargo, houbo diversos elementos limitantes que impediron un maior acceso ao negocio eólico en Galicia a partir da propiedade municipal:

- O primeiro elemento estaba xa contido na propia normativa reguladora dos PES ao fixar unha limitación de potencia máxima de 3 MW para cada proxecto de parque eólico. Nun País que tiña admitidos a trámite a principios da primeira década deste século máis de 3.000 MW, e nos que a maioría dos parques eólicos se situaban en potencias entre 30 e 50 MW, un parque eólico de 3 MW sempre sería algo cando menos anecdótico. Aínda así, se a totalidade das peticións municipais acabaran cristalizando en parques eólicos de propiedade municipal, os concellos si poderían terse convertido nun axente importante na produción de enerxía renovable en Galicia. Mais, como veremos a continuación, tampouco foi así.
- A implantación dos PES vinculábase a obtención de dereitos na selección de anteprojectos en convocatorias anuais nas que o goberno galego establecía límites absolutos de potencia máxima a admitir a trámite. Nas dúas primeiras convocatorias, dos anos 2002 e 2003, fixébase inicialmente unha potencia máxima de 25 MW prevista para os PES, posteriormente ampliada ata os 50 MW. Como resultado destes dúas convocatorias admitíranse a trámite 37 PES municipais que tan só representaban 87,85 MW.
- Nun contexto preelectoral, o goberno galego a finais de 2004 ofertou inicialmente 100 MW potencia para novos PES e posteriormente ampliou a oferta a 307 MW. A esta convocatoria presentáronse propostas por parte de 153 concellos dos que foran seleccionados 114 proxectos cunha potencia acumulada de 271,75 MW . É dicir, 3 veces máis potencia que admitida a

trámites nas dúas primeiras convocatorias. Esta aceleración administrativa, nun contexto electoral que resultou moi conflitivo, derivou en certa inseguridade xurídica que levou á anulación da convocatoria express de 2004.

Como consecuencia destes factores, os parques eólicos singulares en Galicia non alcanzaron unha dimensión global de importancia malia as expectativas que se xeraron a partir do interese mostrado polas entidades municipais. Xa que logo, o obxectivo da propiedade pública do negocio eólico non se alcanzou na súa totalidade e os impactos económicos no medio local tampouco son de envergadura, a pesares da existencia dunha bolsa de MW de PES que se atopan autorizados ou admitidos a trámite, pero non en funcionamento.

Táboa 7: Parques Eólicos Singulares en Galicia. Situación en 2009.

Situación dos PES Municipais	Nº de PES	Potencia (MW)
En funcionamento	7	19,3
Autorizados	15	39,85
Admitidos a trámite	16	32,2

Fonte: Elaboración propia a partir de OEGA (2021).

Táboa 8. Parques Eólicos Singulares ata 2009

Concello promotor	Nome do parque eólico singular	Potencia (MW)	Numero de aerox.	Potencia unitaria aerox. (kW)
Padrón	PES Padrón	1,7	2	850
Vimianzo	PES O Barrigoso	3	2	1.500
Ponteceso	PES Monte da Barda	3	2	1.500
As Somozas	PES Monte das Augas	3	1	3.000
Arbo	PES Arbo	2,7	2	1.500
Lalín	PES Lalín	3	4	750
Ortigueira	PES Ortigueira	2,9	2	2.000; 900

Fonte: Elaboración propia a partir de OEGA (2021).

Como se pode ver, ata 2009 unicamente 7 PES estaban en marcha representando tan só 19,3 MW, unha cifra que era menor á potencia media dos parques eólicos empresariais asentados nese momento.

### Participación pública no capital social dos parques eólicos

Se a participación municipal cingúese a 7 parques e unha potencia que non alcanza os 20 MW, a participación da Xunta de Galicia é incluso menor. Ata o ano 2009, esa participación reducíase a 10 parques eólicos, representando unicamente 11,42 MW.

Táboa 9. Participación da Xunta de Galicia en Parques Eólicos. 2009

	2009	Potencia Total	Potencia da Xunta	Parques Eólicos
Sotavento Galicia, S.A.	30,5	17,56	5,3	Sotavento
Sist. Energéticos Mañón Ortigueira, S.A.	4	24	0,96	Coriscada
Sistemas Energéticos Chandrexa S.A.	3,93	22,95	0,90	Pena da Cruz e Ampliación Pena da Cruz
Energías Especiales de Careón, S.A.	3	18	0,54	Careón
Parque Eólico de San Andrés, S.A.	3	33	0,99	Coucepenido e Os Corvos
Energías Ambientales de Somozas, S.A.	3	49,6	1,48	Monte da Serra, Monte Barbán e Monte Vilalbesa
Eos Pax II A, S.L.	3	39,6	1,18	Paxareiras-Montevós

Fonte: INEGA (2010)<sup>24</sup>

### Valoración global sobre os beneficios comunitarios producidos polos parques eólicos

Na Táboa 10 aparece recollido un resumo dos beneficios comunitarios derivados da enerxía eólica en Galicia, durante esta primeira fase. Entendemos por beneficios comunitarios aquelas melloras da calidade de vida que non están asociadas directamente á propiedade de terras eólicas ou propiedade das empresas que participan directamente no desenvolvemento eólico, pero si os vinculados coa propiedade pública de parques eólicos.

Táboa 10. Resumo dos beneficios comunitarios.

TIPOLOXÍA	Número de Parques eólicos	Potencia (MW)	Duración	Cumprimento dos Beneficios Comunitarios

<sup>24</sup> Extraído da web do INEGA.

Fondo ambiental	7	197,69	Permanente	Nunca
Investimentos Industriais (en industrias innovadoras, fixando nivel de emprego e de produción)	72	1.795,00	Entre 5 e 10 anos; iniciados en 1996	Parcial
Participación pública da CCAA en parques eólicos	10	11,42	Permanente	Total
Participación de Concellos en parques eólicos	7	19,3	Permanente	Total
Participación Comunitaria en parques eólicos	0	0	-	-
Parques eólicos sen Beneficios Comunitarios	54	1.147,41	-	-

Fonte: Simón, X. et al (2019)

Como se observa, en máis de 1.100 MW pertencentes a 54 parques eólicos non se recoñeceron beneficios comunitarios. Tampouco existiu nesta primeira fase ningún parque eólico que se poida encadrar dentro da categoría de parque comunitario.

A participación pública na promoción de parques eólicos foi unha característica significativa do modelo de implantación deseñado polo goberno galego a partir de 2003. Na realidade, sen embargo, ficou reducido a un número limitado de parques eólicos singulares de 7 concellos. No que se refire á propiedade da Xunta de Galicia, levada a cabo por medio do Instituto Enerxético de Galicia, aínda foi máis cativa que a municipal.

Como se indicou previamente, a parte máis significativa deste tipo de beneficios positivos para a sociedade galega neste período derivouse dos plans industrias, propiciadores de actividade económica, en moitos casos de alto contido tecnolóxico, que tamén xerou unha boa cantidade de postos de traballo. O nivel de cumprimento deste compromiso foi alto mas a súa limitación temporal provocou a existencia de procesos de desinvestimento na medida en que finalizaban os prazos de permanencia (entre 5 e 10 anos).

Finalmente, os compromisos asumidos polos titulares dos PEE para a promoción da enerxía solar non se chegaron a concretar. É dicir, as empresas non contribuíron coas cantidades pactadas para a posta en marcha da Plataforma Galega de Enerxía Solar.



## Segunda Fase: 2010-2017. Parón eólico e inicio de profundos cambios lexislativos

Este período situámosto no cambio de goberno de 2009, un cambio de goberno no que o debate eólico estivo moi presente por diversas razóns que non veñen ao caso. Pero hai que dicir que o goberno saínte viña de aprobar un concurso eólico de 2.300 MW que foi posteriormente suspendido polo goberno entrante, que á súa vez derogou o Decreto 242/2007, do 13 de decembro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia, por medio da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, e realizou un concurso “substitutorio” daquel pola contía de 2,325 MW. Todos estes cambios propiciaron un parón na dinámica de investimentos en parques eólico neste período. Unicamente 173 MW novos, o que representaba unicamente o 5,2% da potencia total instalada até o 2009.

Imos presentar a continuación algúns trazos significativos deste período, centrando a atención nos cambios lexislativos e no cambio nas condicións do mercado enerxético das renovábeis, tanto no referido ao réxime económico das renovábeis como aos aspectos tecnolóxicos

### Cambios tecnolóxicos no sector eólico

A cantidade de electricidade xerada por unha turbina eólica depende de varios factores:

- Capacidade instalada (en MW)
- A calidade do recurso eólico. As turbinas comezan a xerar electricidade de 3-5 m/s (15 km/h) e paran cando esa velocidade é de 25 m/s (90 km/h) ou superior.
- A altura da buxa
- O diámetro do rotor
- A calidade da estratexia de operación e mantemento

Desde principios de século acelerouse unha revolución tecnolóxica explosiva neste sector (datos a nivel mundial, IRENA, 2021):

- a) As mellorías tecnolóxicas (maior altura e maiores áreas de varredura) multiplicaran o factor de capacidade
- b) Os custos de instalación caeran do pico de 2008-9 como resultado da queda dos prezos das turbinas (na Europa, en 2008, un pico de US\$ 1900 / kW; en 2017, en media, en todos os mercados, US\$ 1000 / kW)

Este contexto tecnolóxico non foi aproveitado naquel momento polos promotores con intencións de investimento, e proxectos admitidos a trámite polo novo concurso. As razóns hai que buscalas máis alá da crise económica, pois noutras CCAA do Estado non ocorreu isto. A principal razón foi a inseguridade xurídica derivada do vaivén

normativo provocado polo cambio de goberno. De feito, a anulación do concurso fora posteriormente considerada fóra de Lei polo Tribunal Supremo.

## Cambios normativos de calado significativo

O principal cambio normativo foi a aprobación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. Na súa configuración inicial esta norma establecía como máis importantes cambios os seguintes:

### 1. Creación do Canon Eólico e do Fondo de Compensación Ambiental.

O Goberno galego, coa aprobación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, apostou por primeira vez por un modelo de compensación en principio vinculado coas externalidades negativas, como os impactos ambientais na paisaxe, que sofren principalmente as poboacións localizadas perto dos parques eólicos. Deste xeito, no ano 2009 nace o Canon Eólico, un tributo que grava o número de aeroxeradores no parque eólico, a partir do suposto que o impacto paisaxístico móvese no mesmo sentido co número de aeroxeradores independentemente da súa altura e da área de varrido. Debido ao prematuro e acelerado desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia, as potencias unitarias dos aeroxeradores eran, en xeral, reducidas, o que implicaba a existencia dun elevado número de aeroxeradores por parque eólico. Así, a maior parte das instalacións encóntranse no tramo de pago máis elevado (cando os parques eólicos contan con máis de 15 aeroxeradores a cota tributaria sitúase en 5.900 € por unidade), acumulando máis do 90% dos ingresos recadados por este tributo.


O Canon Eólico nutre o Fondo de Compensación Ambiental (FCA). A contía deste fondo repártese mediante dúas vías e ten un volume suficiente para consideralo unha fonte con efectos socioambientais importantes:

- (i) Unha parte destínase exclusivamente aos municipios afectados polas centrais eólicas que posúen aeroxeradores ou outras infraestruturas vinculadas con eles.
- (ii) Outra parte destínase a todos os Concellos, mediante convocatoria competitiva.

En primeiro lugar, os Concellos afectados territorialmente por parques eólicos que contén con aeroxeradores no seu termo municipal e/ou con liñas de evacuación de electricidade van recibir uns fluxos de ingresos en forma de subvención non competitiva que están destinados a actuacións que revistan natureza produtiva e xeradora de emprego, conservación da biodiversidade, utilización recreativa dos recursos naturais e á utilización sustentable das enerxías renovables.

Os ingresos totais recadados polo novo tributo eólico roldan os 20 millóns de euros anuais. Deste total que nutre o FCA, a Xunta de Galicia, entidade responsable de xestionar o tributo, determinou que en torno a un terzo destes ingresos os reciban directamente os municipios con parques eólicos: presenta unha tendencia decrecente, como se pode observar na figura anexa.

Gráfica 4. Contía do Fondo de Compensación Ambiental. Liña Non Competitiva. Miles de Euros.



Fonte: elaboración propia a partir do DOG

Desde unha perspectiva xeográfica, os municipios galegos que percibiron maiores contías derivadas deste tributo son concellos rurais de pequeno tamaño. É relevante salientar o impacto económico percibido polos 10 concellos que máis reciben, o que representa cerca do 40% do total. Entre todos os concellos destaca o conxunto de municipios localizados na área xeográfica da Serra do Xistral e, entre eles, especialmente o caso de Muras.

O FCA tamén reparte entre todos os Concellos de maneira competitiva unha cantidade que se determina anualmente. A contía total é menor, e sitúase arredor do 1,5 millón de euros anuais. Poden optar a eses fondos a totalidade dos concellos galegos. Para o ano 2017 foi de 1.457.000 euros.

Dos fondos restantes recadados a través do FCA, ata os 20 millóns mencionados só existe constancia documental da parte (arredor de 3 millóns anuais) destinada a créditos dispoñíbeis pola Dirección Xeral da Administración Local e pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior. Esta última, para apoiar consorcios comarcais contra incendios. Estes recursos tamén teñen un impacto positivo sobre a sociedade galega e son derivados directamente da enerxía eólica.

Esta modificación legislativa aplicada desde 2010 supuxo un cambio importante na socialización dos beneficios obtidos polos parques eólicos. Dada a súa configuración, conectada co número de aeroxeradores, córrese o risco de que o Canon Eólico perda

importancia para os concellos. Por elo, é necesario un cambio normativo para vincular o canon eólico á potencia instalada e non ao número de aerogeradores.

2. A Lei 8/2009 “oficializa” a imposibilidade de situar parques eólicos en zonas de Rede Natura. A totalidade dos máis de 1.200 MW instalados en Rede Natura 2000 fórono ao abeiro dos Decretos 205/1995 e 302/2001. O Decreto 242/2007 impuxera esa restrición pero ningún MW fora instalado, nin dentro nin fóra da Rede Natura, ao seu abeiro.
3. En relación con esa norma transitoria de 2007, a Lei 8/2009 erradicaba calquera aceno á intervención pública, incluso eliminando a opción dos Parques Eólicos Singulares onde a propiedade pública local era o actor principal. Existe evidencia que nos mostra o maior impacto social cando existe intervención pública (Copena, Pérez-Neira e Simón, 2019).
4. A norma que comentamos daba por rematados os Plans Eólicos Empresariais como figura para a planificación enerxética da eólica e colocaba ás convocatorias competitivas anuais como o principal mecanismo de asignación de nova potencia.
5. Desde 2010, tamén se restrinxiron as posibilidades de solicitar o recoñecemento da utilidade pública dos parques eólicos e a súa posterior expropiación. A norma esixía que o promotor incluíra unha relación de bens e dereitos para os que se chegou a un acordo (e para os que non era necesaria, polo tanto, a expropiación) e esixía que a relación de bens e dereitos para os que era necesaria a declaración de utilidade pública estivera acompañada de unha xustificación dos “...*motivos polos que non foi posible chegar a un acordo que a evite.*”<sup>25</sup>

Durante este período tamén ocorreron outros cambios. Mencionamos de pasada un deles e dedicámoslle un pouco máis de espazo ao segundo.

O primeiro, o Real Decreto-ley 9/2013, de 12 de julio, por el que se adoptan medidas urgentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico<sup>26</sup>, foi o cambio do sistema retributivo das renovábeis, operado en 2013 polo goberno de España, amparado nos maiores niveis de competitividade que alcanzaran as enerxías renovábeis (como se mencionou no apartado anterior) e polo impacto económico e financeiro dun sistema de primas (o denominado Feed-in-Tariffs) que provocaba unha masiva chegada de “beneficios caídos do ceo” para as empresas promotoras. Esta medida, que supuxo unha forte controversia coa patronal e da cal se derivaron algúns litixios que aínda non finalizaron, podemos entendela como unha medida necesaria que non repercutiu negativamente na capacidade de

---

<sup>25</sup> Sempre e cando sexa posible e equilibrado, apostamos por solucións consensuadas pois temos concluído que o impacto económico na sociedade galega é inmensamente maior nese caso que no caso das expropiacións.

<sup>26</sup> [https://www.boe.es/diario\\_boe/txt.php?id=BOE-A-2013-7705](https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2013-7705)

emprendemento empresarial pero xerou tamén unha certa inseguridade xurídica que ralentizou o desenvolvemento do sector. Sen embargo, as empresas adaptáronse rapidamente ao novo contexto, e como mostran as cifras de negocio presentadas na segunda parte deste texto, recuperaron a senda de crecemento na produción amparadas por unha situación proclive no mercado enerxético.

O segundo cambio lexislativo, moito máis importante no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, foi a modificación da Lei 8/2009 mediante a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia<sup>27</sup>. De feito, supuxo o inicio dun cambio de modelo de fomento das enerxías renovábeis, posteriormente consolidado mediante outra modificación normativa<sup>28</sup>, e do actual boom de desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia.

Desde o punto de vista do impacto socioeconómico, é necesario salientar estas modificacións da Lei 5/2017 como as máis significativas:

1. A primeira e máis importante é a eliminación de calquera trazo de competitividade entre promotores. Desaparecen as convocatorias anuais de potencia a instalar, esfúmanse os criterios sociais e económicos como determinantes para a decisión de a quen asignar nova potencia. No seu sitio o goberno galego diseña un mecanismo liberalizador que garante o inicio do procedemento administrativo de admisión e autorización sen necesidade de ofrecer ningunha contrapartida socioeconómica á sociedade galega.
2. Na declaración de utilidade pública vólvese aos momentos iniciais do deseño administrativo e o promotor xa non terá que xustificar o non acordo cos propietarios e propietarios. Poderá solicitalo simplemente incluíndo a relación de bens e dereitos sobre os que non obtivo acordo e para os que considera necesaria a expropiación. Como se mencionou xa, a expropiación ten un impacto económico moitísimo menor nas comunidades afectadas comparado co efecto derivado da existencia dun acordo.

---

<sup>27</sup> <https://www.lex.gal/galilex/7802>

<sup>28</sup> A que se corresponde coa Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia. Xa nos referimos a ela na primeira parte deste texto e se menciona novamente máis adiante.

## Participación pública nos parques eólicos

A situación non muda cualitativamente nesta segunda fase, é dicir, a participación pública segue a ser reducida. Sen embargo, despois de 2009 póñense en marcha 6 novos parques eólicos singulares, os últimos ata o día de hoxe. Son os que aparecen na Táboa 11. Estes novos parques supoñen 15,5 MW, e totalizan 34,8.

Táboa 11. Novos parques eólicos singulares en Galicia.

Concello promotor	Nome do parque eólico singular	Potencia (MW)	Numero de aerox.	Potencia unitaria aerox. (kW)
Arteixo	PES Arteixo	2	1	2.000
As Neves	PES As Neves	2,4	3	800
Cerceda	PES Cerceda	2,55	2	1.670
Nogueira de Ramuín	PES Nogueira de Ramuín	2,55	2	2.000; 850
A Pobra do Caramiñal	PES Pobra do Caramiñal	3	1	3.000
Porto do Son	PES Porto do Son	3	1	3.000

Fonte: OEGA (2021)

Polo que respecta á participación da Xunta no capital social de empresas eólicas maioritariamente privadas, reduciuse durante este período: perdeu a participación no PE Coriscada (de Sist. Energéticos Mañón Ortigueira, S.A.) e no PE Coucepenido e PE Os Corvos (de Parque Eólico de San Andrés, S.A.). Como resultado a participación total da Xunta en parques eólicos pasa de 11,4 a 9,4 MW.<sup>29</sup>

## O impacto económico para os concellos: A tributación local

Este é un impacto que ocorre ao longo de todo o proceso de desenvolvemento eólico, mais as nosas estimación, polo de agora, céntranse no ano 2017.

A actividade empresarial eólica está suxeita ó pagamento de impostos e taxas á administración local que xeran ingresos nos territorios onde se localizan os parques eólicos. Concretamente, son catro os principais tributos convencionais, non específicos da actividade eólica senón comúns a todas as actividades económicas, que repercuten positivamente nos municipios:

1. Imposto de Actividades Económicas (IAE)
2. Imposto de Bens Inmóbles (IBI)
3. Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (ICIO)

---

<sup>29</sup> Estes datos foron extraídos do SABI: <https://sabi.bvdinfo.com/>

4. Taxa por licenza urbanística. Os parques eólicos, como xa se comentou na primeira parte deste texto, ao seren declarado de interese supramunicipal polo Consello da Xunta están exentos do pagamento, e da solicitude, desta taxa.

Os dous primeiros son pagamentos anuais. O terceiro págase unha soa vez, no momento da construción do parque eólico.

Dos catro impostos, o IBI é a fonte de ingresos eólicos máis importante para os Concellos. Este tributo cambiou substancialmente a partir do ano 2007 debido a un proceso xudicial encabezado pola Federación Galega de Municipios e Provincias no que se determinou que os parques eólicos eran Bens Inmóveis de Características Especiais, o que implicaba tipos impositivos superiores<sup>30</sup>.

Os tipos de gravame para os BICES son determinados polo municipio a través de ordenanza fiscal cunha porcentaxe de entre 0,4% e 1,3% sobre o valor catastral dos bens inmóveis<sup>31</sup>. Para a estimación dos ingresos polo IBI utilizouse o importe medio do imposto por MW calculado en Saladié (2014), estudo que foi realizado para a mostra de concellos da Asociación de Municipios Eólicos de Cataluña. Aplicando estes promedios ao caso galego, o importe medio resultante para os ingresos polo imposto do IBI é de 6,7 millóns de euros para o ano 2017.

Pola súa parte, o IAE é o outro tributo anual que tamén está xestionado polos propios municipios e que grava a actividade económica eólica impondo unha taxa por unidade de potencia. Neste imposto, os parques eólicos que facturen menos de 1 millón de € anuais quedan exentos de tributación. O feito imponible ven determinado polo exercicio da actividade de produción de enerxía eléctrica. As tarifas do imposto están fixadas polo Real Decreto Lexislativo 1175/1990, de 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do IAE<sup>32</sup>. A produción de enerxía eólica encádrase dentro do Grupo 151. “Produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica” e dentro do epígrafe 151.4: produción de enerxía non especificada nos epígrafes

---

<sup>30</sup> A FEGAMP protagonizou un preito no que mediante a Sentenza do 30 de maio de 2007, da Sala Terceira do Tribunal Supremo, declarouse nulo de pleno dereito o seguinte inciso do artigo 23.2. Grupo A. A.1. de Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo: “que de acordo coa normativa de regulación do sector eléctrico deban estar incluídos no réxime ordinario”. Esta sentenza, que foi publicada no Boletín Oficial do Estado do 18 de decembro de 2007, tivo como consecuencia a consideración para os parques eólicos de Bens Inmóveis de Carácter Especial (BICES) o que conlevou maiores ingresos polo cobro deste imposto para as arcas municipais.

<sup>31</sup> Concretamente o artigo 72.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece que o tipo de gravame aplicable aos bens inmóveis de características especiais, que terá carácter supletorio, será do 0,6 %. Os concellos poderán establecer para cada grupo de eles existentes no municipio un tipo diferenciado que, en ningún caso, será inferior ao 0,4 % nin superior ao 1,3 %.

<sup>32</sup> <https://www.boe.es/buscar/pdf/1990/BOE-A-1990-23930-consolidado.pdf>

anteriores, abarcando a enerxía procedente de mareas, enerxía solar, etc. Considérase unha cota de 0,721215 euros por cada kW de potencia. A esta cota hai que aplicarlle un coeficiente de ponderación en función da cifra de negocio<sup>33</sup>. Estimando a facturación de cada parque segundo o sinalado no apartado 3, deixando á marxe os parques eólicos que non alcanza unha facturación bruta de 1 millón de euros, e aplicando eses coeficientes como única “cota nacional”<sup>34</sup>, estimáronse uns ingresos de 3,078 millóns de euros para os Concellos galegos con parques eólicos derivados do IAE.

O outro tributo relevante é o ICIO, que no ámbito dos parques eólicos tamén ten xerado certo conflito xurídico sobre as cantidades a sufragar. O debate radicaba en se o importe dos aeroxeradores debía incluírse na base impositiva do ICIO. As diferentes sentencias<sup>35</sup> teñen sido claras sobre esta cuestión incluíndo os custes dos aeroxeradores dentro da base impositiva do imposto. Este feito supón incrementar os fluxos de renda para os municipios xa que os aeroxeradores supoñen en torno ao 70% do custe dun parque eólico. O tipo de gravame do imposto, tal e como sinala o artigo 102 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais<sup>36</sup>, será o fixado por cada concello, sen que poida exceder do 4% do valor do custe de execución da obra e que se paga soamente unha vez. Nesta estimación dos ingresos para as facendas locais derivados do ICIO non consideraremos ningún ingreso procedente deste imposto debido a que no ano 2017 o número de parques eólicos que se puxeron en marcha foi cero.

Con esta información tributaria, 10 millóns de euros sería o ingresado polos concellos galegos en 2017 como ingresos ordinarios derivados dos feitos impositivos fixados pola Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local<sup>37</sup> e polo RDL 2/2004.

Os concellos, como xa indicamos anteriormente, tamén reciben transferencias a partir do Canon Eólico, un tributo autonómico que grava o impacto paisaxístico. No ano 2017 a súa contía, posta a disposición dos concellos con parques eólicos mediante unha liña non competitiva que reparte o diñeiro segundo número de aeroxeradores e lonxitude das infraestruturas eléctricas, foi de 6,3 millóns de euros.

---

<sup>33</sup> Se a cifra de negocio é inferior a 5 millóns de euros, o coeficiente situarase en 1,29 e ata os 10 millóns de euros en 1,3. Artigo 87 da Ley 39/1988, de Haciendas Locales.

<sup>34</sup> É dicir, supoñendo que no hai cotas municipais e/ou provinciais. Véxase a Ley/39, de Haciendas Locais, e o Real Decreto Legislativo 1175/1990, de 28 de setembro, por el que se aprueban las tarifas y la instrucción del Impuesto sobre Actividades Económicas..

<sup>35</sup> Entre as que se pode sinalar a Sentenza 94/2008 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que exercía de apelante o concello de Rodeiro e a Sentenza número 3479/2010 do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Segunda, ditada en Recurso de Casación en interese da Lei núm. 22/2009, de data 14 de maio.

<sup>36</sup> <https://www.boe.es/buscar/pdf/2004/BOE-A-2004-4214-consolidado.pdf>

<sup>37</sup> <https://www.boe.es/buscar/pdf/1985/BOE-A-1985-5392-consolidado.pdf>



## Terceira fase, desde 2018 até o presente: boom eólico sen precedentes

Esta última fase situámola temporalmente a partir de 2018 pero na realidade comeza coa modificación legislativa de febreiro do 2017, mencionada no apartado anterior e que supuxo a chegada a Galicia da liberalización á promoción da enerxía eólica. Nese apartado sinalábanse a eliminación das convocatorias anuais como mecanismo de asignación de potencia e tamén a flexibilización das condicións para adquirir a declaración da utilidade pública para os parques eólicos, como mecanismos que favorecían esa liberalización, moito máis o primeiro dos elementos que o segundo, sen dúbida.

Agora queremos introducir outra novidade legislativo, incluída na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia<sup>38</sup> a través dunha modificación realizada polo parlamento galego coa Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas<sup>39</sup>. Agora queremos introducir outra novidade legislativa, incluída na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia<sup>40</sup> a través dunha modificación realizada polo parlamento galego coa Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas<sup>41</sup>. Trátase dos artigos 43 e 44, que provocan a declaración de iniciativas empresariais prioritarias. Cando isto ocorre, a partir do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas<sup>42</sup>, “...reduciranse á metade os prazos estabelecidos para o procedemento ordinario.” É dicir, aqueles parques que alcancen este título estarán en exposición pública unicamente 15 días tanto para a autorización previa como a avaliación ambiental. Pensamos que o significado desta modificación explícase por si soa.

A estes cambios normativos, que aceleraron desde o principio as novas propostas individuais de novos parques eólicos e que desembocou no boom inicial de 2019 súmase a nova modificación normativa da LAEGA por medio da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia<sup>43</sup>, que na súa disposición derradeira sexta apartado dous. Modifica o artigo 6.4 da LAEGA, ficando do seguinte xeito:

*“4. Non poderán implantarse parques eólicos fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, coa excepción das modificacións substanciais dos parques en funcionamento nos termos que se desenvolvan regulamentariamente, así como aqueles proxectos que teñan unha clara*

---

<sup>38</sup> <https://www.lex.gal/galilex/7802>

<sup>39</sup> <https://www.lex.gal/galilex/4798>

<sup>40</sup> <https://www.lex.gal/galilex/7802>

<sup>41</sup> <https://www.lex.gal/galilex/4798>

<sup>42</sup> <https://www.boe.es/buscar/pdf/2015/BOE-A-2015-10565-consolidado.pdf>

<sup>43</sup> <https://www.lex.gal/galilex/7828>

*incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de enerxía.”*

É dicir, desde ese momento todas as terras rústicas de Galicia sobre as que non exista figura de protección ambiental poderán albergar parques eólicos. Ampliase deste xeito o ditado polo PSEG e incentívase que os promotores busquen posicións libres para asentarse novas infraestruturas eólicas. Obviamente, isto tamén impulsou o boom eólico dos últimos meses. E fíxoo tanto nas peticións de parques eólicos tramitados polo Ministerio para a Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico<sup>44</sup> como nos novos anteproxectos presentados para admisión a trámite á Xunta de Galicia.

A continuación presentamos algunhas singularidades desta fase do desenvolvemento eólico de Galicia que parcialmente se poden entender como unha conclusión xeral aos 25 anos de inicio, avance, consolidación e explosión deste sector na nosa Comunidade Autónoma, e por outra, unha caracterización da situación na que se encontra o sector no momento actual.

#### 1. Significativa transformación tecnolóxica do sector eólico.

Son numerosas os elementos que poderíamos mencionar para ilustrar este aspecto pero son suficientes as 4 características recollidas na táboa seguinte.

Táboa 12. Trazos principais dos parques eólicos en Galicia.

	2019	2007	% Variación 2019/2017
Diámetro Rotor (m)	113,33	66,82	69,60
Altura a Buxa (m)	96,11	66,18	45,23
Factor de Potencia (%)	40,8	34,26	19,09
Investimento unitario (€/MW)	829.711	923.578	(10,16)

Fonte: OEGA (2021).

O desenvolvemento tecnolóxico do sector provocou maiores eficiencias (case un 20%) en escasos 12 anos, resultado de unhas maiores áreas varrido (case un 70% de maior radio) e de unha altura superior (un 45% máis altas as buxas). Iso ocorreu así mesmo cunha redución do 10% do investimento unitario<sup>45</sup>.

#### 2. Desde as montañas aos vales

Se ben as primeiras fases do desenvolvemento eólico producíronse en zonas montañosas, co concurso de 2010 e coas novas formulacións de anteproxectos de

---

<sup>44</sup> Na información dispoñible ningún parque eólico tramitado na Xunta se sitúa fóra das ADE, excepto aqueles que sitúan algunha das súas infraestruturas dentro do perímetro exterior das ADE delimitado polos 500 metros exteriores á poligonal de delimitación, como xa se comentou nun apartado anterior.

<sup>45</sup> IRENA (2021)

parques eólicos, estes deixan as zonas altas para achegarse ás zonas gandeiras. Todas elas son zonas rústicas, pero as primeiras tiñan unha vocación sobre todo forestal (recordemos que unha boa parte deses parques eólicos tamén se asentaron en terras altas con elevado valor ambiental) e as segundas preferentemente unha vocación gandeira (e tamén agrícola).

Se ben algunhas das novas propostas mantéñense en zonas montañosas, como os anteprojectos deseñados para as Montañas Orientais de Galicia, moitos novos proxectos achéganse a zonas urbanas, periurbanas e moitas delas de claro carácter agrario e gandeiro. De feito, numerosos movementos sociais que defenden un cambio de modelo eólico e desenvolven campañas en contra de diversos proxectos actuais xurdiron en territorios con aquelas características.

### 3. Crecemento explosivo das propostas de parques eólicos

Cuantificar a volume de anteprojectos que as promotoras pretenden instalar en Galicia é moi complicado debido a existencia de dúas administracións, a estatal e autonómica, que non se coordinan suficientemente, e de dous procedementos de autorización, parecidos pero algo diferentes. É posible que a liberalización do sector fora o principal propulsor desta explosión de propostas. A situación que se leva vivido nos últimos meses desembocou en case 2.700 MW en macroparques eólicos, de máis de 50 MW, que se encontran en proceso de autorización previa e avaliación ambiental diante Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico.

A día 25 de outubro de 2021 hai 30 parques eólicos de máis de 50 MW que estiveron ou están en fase de información pública do estudo do impacto ambiental e de solicitude da autorización administrativa previa. O primeiro parque que entrou en exposición pública foi o parque eólico Tornado de 67,2 MW o 12 de febreiro do 2021 e o último foi o 14 do outubro do 2021, o parque eólico Monte Silvariño de 66 MW de potencia. Entre xullo e outubro de 2021, entraron en información pública 1.833 MW de 20 parques eólicos. En total eses 30 parques eólicos suman 2.652 MW de potencia

Unha boa parte deses anteprojectos sitúan os seus aeroxeradores fóra das Áreas de Desenvolvemento Eólico. Xunto cunha forte mobilización social contra estes macroparques<sup>46</sup>, a propia Xunta de Galicia vén presentando informes contrarios á súa instalación por incumprir o criterio de asignación de parques a ADE, fixado no propio PSEG. Estes informes non son vinculantes, e por outra parte a propia Administración autonómica, como se comentou, abriu a porta para que esa instalación sexa posible, previa decisión do Consello da Xunta.

En relación cos proxectos presentados á Xunta de Galicia para súa autorización, as cifras, en MW, son moi difíciles de establecer debido a inexistencia dunha base de datos pública que recolla esa información. O Rexistro Eólico de Galicia unicamente dá información sobre o número de aeroxeradores, non sobre a potencia dos parques eólicos. Ademais, en outubro do 2021 houbo un cambio de categorías, polo que a

---

<sup>46</sup> Esta mobilización prodúcese tamén contra os parques eólicos de menos de 50 MW presentados a autorización do goberno autonómico. Nalgúns casos os argumentos que xustifican a mobilización retírense á “división fraudulenta” de macroparques eólicos en parques máis pequenos, tratando de agochar os efectos sinérxicos e acumulativos das grandes infraestruturas (esta argumentación, entre outros, está presente nos conflitos da Serra da Groba e do macroproxecto Curtis-Ordes)

comparación da información previa coa nova non se pode realizar. A finais de outubro, no Rexistro Eólico de Galicia había máis de 1.300 aerogeradores en información pública ou en trámites previos, que se correspondían con case 200 parques eólicos. Segundo fontes xornalísticas, hai arredor de 7.300 MW admitidos a trámite<sup>47</sup>.

#### 4. A moratoria eólica

O goberno galego, a finais do mes de outubro, coincidindo coa tramitación dos orzamentos do ano 2022, vén de propoñer uns cambios na LAEGA. A prensa lanzouse inmediatamente a publicitar esa proposta referíndose case sempre a unha moratoria eólica<sup>48</sup>. Nos medios oficiais, sen embargo, non se emprega ese concepto, fálase de “racionalizar” pero, como veremos, sen explicar total e claramente a amplitude desa proposta de racionalización. Xunto ao xa mencionado cambio na distancia dos parques eólicos a núcleos de poboación, cómpre salientar as seguintes propostas de modificación:

- a. Engadiríase unha Disposición adicional sexta que quedaría redactada como segue:

*“Disposición adicional sexta. Planificación de novas solicitudes de parques eólicos*

*1. Atendendo ao número dos proxectos de parques eólicos admitidos e actualmente en tramitación e á cifra de MW prevista nestes proxectos, e co obxecto de procurar unha ordenación racional do sector, durante o prazo de 18 meses dende a entrada en vigor da Lei xx/2021, de medidas fiscais e administrativas, non se admitirán a trámite novas solicitudes de parques eólicos.*

.....

*2. Exceptúanse do establecido no número anterior aqueles proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de enerxía.”*

Esta limitación temporal de dezaioito meses defínese como un parón na admisión a trámite de novas propostas. Se desenvolver 4000 MW requiriu un período de 25 anos,

---

<sup>47</sup> [https://www.lavozdegalicia.es/noticia/economia/2021/11/16/oposicion-social-eolicos-inunda-proyectos-cientos-alegaciones/0003\\_202111G16P26995.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/economia/2021/11/16/oposicion-social-eolicos-inunda-proyectos-cientos-alegaciones/0003_202111G16P26995.htm)

<sup>48</sup> [https://www.lavozdegalicia.es/noticia/economia/2021/10/20/xunta-admitira-nuevos-proyectos-parques-eolicos-durante-ano-medio/0003\\_202110G20P26995.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/economia/2021/10/20/xunta-admitira-nuevos-proyectos-parques-eolicos-durante-ano-medio/0003_202110G20P26995.htm)

[https://www.eldiario.es/galicia/feijoo-frena-2023-nuevos-proyectos-eolicos-galicia\\_1\\_8414925.html](https://www.eldiario.es/galicia/feijoo-frena-2023-nuevos-proyectos-eolicos-galicia_1_8414925.html)

[https://www.abc.es/espana/galicia/abci-moratoria-y-medio-para-aceptar-nuevos-parques-eolicos-comunidad-202110201908\\_noticia.html](https://www.abc.es/espana/galicia/abci-moratoria-y-medio-para-aceptar-nuevos-parques-eolicos-comunidad-202110201908_noticia.html)

<https://www.nosdiario.gal/articulo/social/moratoria-eolica-non-afecta-case-200-parques-que-tramita-xunta/20211025200450131226.html>

parece pouco realista tratar de racionalizar o desenvolvemento dos 7.000 MW novos nun período de ano e medio. A Xunta non calibró correctamente o impacto da liberalización do sector definida a partir da propia Lei 5/2017. A substitución das convocatorias anuais polas peticións individuais en calquera momento dos promotores, cambio que sustanciou esa transformación estrutural do modelo, produciu un efecto chamada que trouxo dúcias de anteprojectos ao territorio galego xuntándose dificultades tecnolóxicas e institucionais <sup>49</sup> para o investimento e desenvolvemento desa magnitude de proxectos que fan prever atrancos insalvábeis para a súa concreción final. A mobilización social contra esa acelerada e explosiva intención de inzar case todo o territorio galego con novos parques eólicos tamén é un factor a ter en conta, tanto para explicar a reacción do goberno galego como para mostrar o propio fracaso da política liberalizadora impulsado por el.

Por outra parte, o apartado 2 da mencionado cambio viría a reafirmar novamente o que xa introducira a Xunta de Galicia na modificación da LAEGA establecida pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia. Neste sentido, compre indicar que a administración autonómica non aclara, nin agora nin antes, que significa unha ordenación racional, e tampouco sinala porque foi racional a planificación e o desenvolvemento eólico até o umbral actual e porqué non o sería a partir dese umbral. É dicir, porque será necesario usar eses principios xerais de estruturación ou vertebación para algunhas autorizacións a partir de agora e non o foi antes. Ademais, esas excepcións son tan flexibles, xerais e abertas á discrecionalidade que o Consello da Xunta poderá admitir cantos proxectos subxectivamente considere posuidores dunha clara incidencia territorial (sen que a norma estableza a amplitude e a escala dos criterios que usará para tomar a decisión).

- b. Engadiríase unha Disposición transitoria sétima, tamén modificada polo partido que apoia ao goberno galego na fase de emendas, que quedaría redactada como segue:

*“Disposición transitoria sétima. Réxime transitorio para a aplicación das distancias a núcleos de poboación establecidas na disposición adicional quinta.*

- 1. Os requisitos de distancias a núcleos de poboación establecidos na disposición adicional quinta aplicaranse ás novas solicitudes de autorización de parques eólicos, de calquera potencia, que se admitan a trámite logo da entrada en vigor da Lei XX/XX de medidas fiscais e administrativas.*
- 2. Para os proxectos admitidos a trámite antes da entrada en vigor da lei...os requisitos de distancias da disposición adicional quinta serán aplicábeis unicamente no caso de modificacións substanciais de proxectos , solicitadas a partir da entrada en vigor da Lei XX*
- 3. Así mesmo, os requisitos de distancias a núcleos de poboación establecidos na disposición adicional quinta serán aplicables ás solicitudes de*

---

<sup>49</sup> Sen esquecer a nula contraprestación colectiva a cambio das autorización, na forma de compromisos de investimentos industriais, ou compromisos de xeración de emprego a longo prazo....

*autorización de parques eólicos que se encuentren pendientes de admisión á entrada en vigor da Lei XX/XX de medidas e que se presentaran despois do 20 de outubro de 2021.*

Para estes casos, concédese un prazo de tres meses, contado desde a entrada en vigor da Lei XX/XX de medidas fiscais e administrativas, para que os suxeitos promotores poidan modificar os seus proxectos ou desistir deles. En caso de que desistan, os promotores terán dereito a recuperar as garantías presentadas.”

Polo tanto, as novas distancias a núcleo aplícanse ás solicitudes posteriores ao 20 de outubro pendentes de admitir a trámite, pero non ás xa admitidas a trámite que non requiran cambios no proxecto e o inicio dunha nova tramitación ambiental. É dicir, os 11.000 MW, entre os instalados susceptibles de repotenciar, os xa admitidos a trámite pero non autorizados e as novas solicitudes presentadas antes do 20 de outubro pero aínda non admitidas a trámite, non se verán afectados por esta nova norma. Esta medida mudaría de forma significativa as regras de xogo existentes ata agora, recollendo unha parte das demandas dos colectivos sociais, pero a súa incidencia será insignificante debido a que se aplicará a un volume moi limitado de novos megavatios.

- c. Engadiríase unha Disposición transitoria oitava que daría como resultado que todas as propostas admitidas a trámite antes ou despois da entrada en vigor da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que non dispoñan de permiso de acceso e conexión, ou que perderan ou perdan ese permiso, disporán de 12 meses adicionais desde a entrada en vigor da Lei XX/XX de medidas fiscais e administrativas, para obter ese permiso de acceso e conexión.

Este último cambio da LAEGA establece un límite de 12 meses, adicionais ao tempo xa consumido, para tentar cumprir con ese requisito de ter acceso á rede (para iniciar o procedemento de autorización previa ese é un requisito ineludible, tal e como fixa o artigo 29.2 da LAEGA).

Durante 18 meses, de seren aprobadas estas modificacións, a Administración Autonómica non recibirá máis peticións de novos parques eólicos, é dicir, non admitirá a trámite máis parques. Sen embargo, si vai tramitar, segundo o establecido na LAEGA, todos os que están en proceso de autorización, os admitidos a trámite pero aínda sen exposición pública e as novas solicitudes realizadas antes da entrada en vigor da nova norma que estean pendentes de admisión a trámite. É dicir, a proxección de instalacións sitúase nos 11.000 MW (só menos de 4.000 agora instalados). O segundo elemento significativo desta modificación é a distancia aos núcleos de poboación: establece un novo criterio sinalando que a distancia a “solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado será a maior destas dúas: 500 metros ou 5 veces a altura total do aeroxerador (buxa mais pala)”. É un cambio moi demandado pola cidadanía, como consecuencia do incremento significativo do tamaño dos aeroxeradores. Sen embargo, as excepcións convértena nunha norma descafeinada: cando se repotencien os que xa funcionan, seguirá vixente a norma antiga dos 500 metros; para os parques en exposición pública, os admitidos a trámite que non sexan sometidos a unha nova avaliación ambiental e as novas solicitudes

presentadas antes do 20 de outubro pero aínda non admitidas a trámite, tamén seguirá vixente a norma dos 500 metros. Polo tanto, se lle aplicará aos que tendo presentada a solicitude de admisión carezan de permiso de concesión e non o consigan no prazo de 12 meses, e tamén se aplicará a partir do verán de 2023 cando venzan os 18 meses fixados como prazo de suspensión para admitir novas solicitudes de autorización de parques eólicos.

En consecuencia, non se aprecia a existencia real dunha moratoria eólica. Sobre todo cando, como se mencionou antes, o punto 2 da disposición adicional sexta deixa aberta a posibilidade discrecional para o Consello da Xunta de abrir novas autorizacións nese período

## 5. Forte movemento social en contra na enerxía eólica

Como se mencionou varias veces neste documento, no último ano estendeuse un forte movemento social contrario á dinámica eólica. Ao ancho do territorio galego xurdiron numerosas plataformas sociais en contra do modelo enerxético dominante, que non da enerxía eólica. De feito, o “Así Non”, slogan popularizado por eses movementos sociais posiciónaos non en contra da enerxía renovábel ou da eólica senón en contra das políticas que serven para impulsar ese forte crecemento do proxectos que pretenden establecerse en Galicia. Entre os argumentos que se inclúen na narrativa do “Así Non” encóntranse os seguintes:

- a. O PSEG non é un marco de planificación adecuado e útil para a nova xeira de crecemento eólico debido a que ese Plan Sectorial foi pensado e aprobado cando os aerogeradores eran 5 veces máis pequenos en potencia e 3 veces máis pequenos en altura dos que agora se pretenden instalar. Demandan unha nova formulación dun plan sectorial.
- b. A división artificial de proxectos que comparten infraestruturas para agachar algúns efectos sinérxicos. Existen numerosos casos nos que, o mesmo promotor, coa mesma razón social ou razón social diferente pero cos mesma estrutura de propiedade empresarial, subdivide un investimento en enerxía eólica en varios proxectos próximos xeograficamente, compartindo subestación, liña de evacuación e punto de conexión.
- c. Proxectos de parques de máis de 50 MW que pretenden situar fóra das ADE as infraestruturas eólicas, indo contra o estipulado no PSEG. Xa se mencionou no texto que nestes casos a Xunta de Galicia informou negativamente os proxectos tanto na fase potestativa inicial para determinar o alcance do estudo ambiental, cando existiu esta fase, como na fase de información pública para a obtención da autorización previa e a avaliación do impacto ambiental.
- d. Ocupación de áreas de alto interese paisaxístico e ecolóxico que foron propostas no seu momento para ser parte da ampliación da Rede Natura 2000. No caso de terse finalizado ese proceso de catalogación os parques eólicos non se poderían establecer neses lugares.

- e. Ocupación de zonas libres de eólicos sen considerar a opción da repotenciación que permitiría incrementar a produción total (aínda que non a potencia instalada). Esta alternativa permitiría seguir a contar con zonas de alto valor ecolóxico libres de parques eólicos.
- f. Moi baixos beneficios sociais e económicos para as comunidades locais, tendo en conta as evidencias derivadas da implantación eólica dos 20 anos anteriores.
- g. Nula participación das comunidades locais na promoción de parques eólicos: produción de enerxía no mundo rural para alimentar procesos de crecemento industrial noutros lugares, ficando os problemas ambientais (paisaxísticos, de ruído, efectos sobre as augas...) nas zonas rurais.

Non é unha lista exhaustiva do contido argumental dos movementos sociais que xurdiron en Galicia en contra do actual modelo de desenvolvemento eólico centrado basicamente no incremento da capacidade de MW instalados. Faise necesario un modelo de desenvolvemento eólico máis equilibrado que incorpore intereses e valores: os ambientais, os sociais, os culturais e os económicos, e algúns deles afectando ao lado máis fraco da nosa sociedade, o mundo rural.



## Bibliografía

Copena Rodríguez, D.; Simón Fernández, X. (2013): "Parques Eólicos e Rede Natura en Galicia. Enerxía Eólica" en Simón Fernández, X. e Copena Rodríguez, D. (2013): *Enerxía Eólica en Galicia: o seu impacto no medio rural*. pp. 61 - 74. Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo. 2013.

Copena, D.; Simón, X. (2018): Wind farms and payments to landowners: opportunities for rural development for the case of Galicia. *Renewable and Sustainable Energy Reviews*. 95, 38-47.

Copena, D.; Pérez-Neira, D.; Simón X. 2019. Local Economic Impact of Wind Energy Development: Analysis of the Regulatory Framework, Taxation, and Income for Galician Municipalities. *Sustainability*. 11 – 2403

Inega (2002): Modificación Plan Sectorial Eólico de Galicia. Santiago de Compostela: Consellería de Industria e Comercio.

IRENA (2021), Renewable Power Generation Costs in 2020, International Renewable Energy Agency, Abu Dhabi.

OEGA (2021): Base de Información Socioeconómica da Enerxía Eólica en Galicia. Vigo: Observatorio Eólico de Galicia.

Saladié Gil, S. 2014. Impacte econòmic de les centrals eòliques en els pressupostos municipals a Catalunya. Associació de Municipis Eòlics de Catalunya: La Granadella.

Simón, X e Montero, M. (2021): Enerxía eólica en Muras: análise do seu impacto territorial, económico, ambiental e enerxético. Vigo: Observatorio Eólico de Galicia e Concello de Muras.

Simón, X; Copena, D. Montero, M. (2019): Strong wind development with no community participation. The case of Galicia (1995–2009). *Energy Policy*. 133.

Simón Fernández, X. ;Montero Muñoz, M. ;Castro Rodríguez, F. ;Giménez Fernández, E. L. (2010): *Os plans eólicos empresariais no sector eólico galego*. Consello Social da Universidade de Vigo.